



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2008**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a tres de outubro de dous mil oito, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, sinalando que o presente Pleno celebrase no día de hoxe a petición do grupo socialista; pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR: Acta de 4 de setembro de 2008.

O Sr.Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer á devandita acta, facéndose entrega neste intre da primeira páxina modificada en canto á asistencia dun concelleiro; feita esta modificación e non producíndose alegación ningunha, fica aprobada por unanimidade a acta da sesión plenaria do 4 de setembro de 2008.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación de ditas resolucións.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CON EXECUCIÓN DE OBRAS DE REFORMA E CONSERVACIÓN E POSTERIOR XESTIÓN DO APARCADOIRO SOTERRADO DA PALMA.

O SR. ALCALDE da conta resumidamente da Sentencia num.241/2008, por los trámites del ASUNTO.- PROCEDIMIENTO ORDINARIO 370/07 DEL JUZGADO DE LO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO, INTERPUESTO POR D.JUAN ANTONIO PIZORNO DIAZ, SINDICO DE LA QUIEBRA DE "G.G.P. UNO, S.L.", contra el Concello de Baiona, parte demandada, procedindo á lectura do seguinte:

Dita Sentencia dí, no seu apartado: "FUNDAMENTOS DE DERECHO.-

1.- Se impugna a través del presente recurso el acuerdo del Pleno del Concello de Baiona por el que se requiere a la Sindicatura de la quiebra de G.G.P. UNO, S.L. que en el plazo de 30 días, ponga a disposición del Concello de Baiona, las obras, instalaciones y servicios del aparcamiento de La Palma, y se incauta el aval.

La única cuestión controvertida se centra en determinar si esta resolución vulnera o no el fallo de la sentencia de fecha 12 de mayo de 1998, dictada por la Sala de lo C-A del TSJ, de Galicia, en el recurso 5.545/1995, cuando estimando la extinción de la concesión concedida por el Concello de Baiona a G.G.P. UNO, S.L., EN QUIEBRA, señala que dicha extinción "deja a salvo el derecho de la recurrente a percibir el justiprecio de la concesión".

En concreto la cuestión que se plantea es si la percepción efectiva del justiprecio por la recurrente ha de ser previa, o al menos simultánea, a la entrega de las obras, instalaciones y servicios del Aparcamiento de la Palma, y a la incautación del aval.

2.- Dicha cuestión queda perfectamente clara en el art. 137 del Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, cuya aplicación analógica al presente supuesto postula la propia parte recurrente.

En efecto señala el citado artículo que "1.-La declaración de caducidad se acordará por la Corporación y determinará el cese de la gestión del concesionario, la incautación de los elementos de la empresa afectos al servicio, para asegurar la prestación del mismo, y la convocatoria de licitación para adjudicar nuevamente la concesión.

2.- A este efecto, en el plazo de un mes desde que la caducidad hubiere sido ejecutada, la Corporación incoará expediente de justiprecio de la concesión, sin modificar ninguna de las cláusulas de la misma y con intervención del titular caducado, que se decidirá en defecto de acuerdo por el Jurado Provincial de expropiación y conforme al procedimiento de la Ley de Expropiación Forzosa.

Así pues extendiendo el supuesto específico de extinción de la concesión por caducidad, al presente supuesto de extinción, el precepto resulta claro al establecer que la extinción otorga un derecho inmediato de la Corporación Municipal a la incautación de los elementos de la empresa concesionaria afectos al servicio, y que unicamente transcurrido un mes desde la total ejecución



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

de dicha incautación, la Corporación deberá proceder a incoar el expediente de determinación del justiprecio.

Con base en la citada regulación, la resolución del Concello de Baiona es plenamente ajustada a derecho, sin que sea preceptivo un nuevo trámite de audiencia al recurrente, pues se trata de ejecutar una resolución firme dictada en un procedimiento en el que ya ha sido parte la citada recurrente, y que se encuentra además amparada en la disposición general citada.

Por lo expuesto, el recurso ha de ser desestimado.

FALLO

DESESTIMA el recurso contencioso administrativo interpuesto por JUAN ANTONIO PIZORNO DIAZ (síndico representante de los acreedores en la quiebra de la compañía G.G.P. UNO, S.L.) Contra el acuerdo del Pleno del Concello de Baiona por el que se requiere a la Sindicatura de la quiebra de G.G.P. UNO, S.L. que en el plazo de 30 días, ponga a disposición del Concello de Baiona, las obras, instalaciones y servicios del aparcamiento de La Palma, y se incauta el aval; resolución que confirmo, al entenderla conforme a derecho.”

CONTINUA.- Esta es la última resolución del Juzgado sobre la impugnación al acuerdo del Pleno de julio del año pasado.

SRA.SECRETARIA.- Lo que se trae para aprobación del Pleno es el expediente para la contratación del servicio público del aparcamiento de La Palma, que se realiza a través de gestión y servicio público por un plazo de 50 años; se ha elaborado el Pliego de Cláusulas Particulares así como un anteproyecto de explotación en base a un estudio de viabilidad económico e un informe técnico que realizó la empresa AQUATICA que se contrató por parte del Ayuntamiento. El objeto del contrato es gestión y servicio público del aparcamiento durante 50 años, se mantienen los derechos adquiridos por los titulares de cesión permanente de las plazas que se otorgaron en su día conforme a escritura pública y de acuerdo con el Pliego. Se establece la posibilidad de poder transmitir más cesiones de derecho de uso y disfrute de las plazas hasta alcanzar el 20% del número total de plazas,, que serían unas 40 a mayores de las existentes, sin perjuicio de que una vez finalizado el plazo de los anteriores titulares pueda la concesionaria ceder hasta el límite anteriormente señalado del 20% las nuevas plazas hasta que finalice la concesión; se reserva el 30% para régimen de abono, y el 50% por rotación libre. Se fija una tarifa a promedio anual; la concesionaria está obligada a realizar obras por un importe aproximado de 600.000 euros, así como el pago de un valor anticipado de la concesión en un plazo de 4 años por un importe de 1.800.000 euros, de acuerdo con la forma establecida en el Pliego ys in perjuicio de posibilidad de mejora de la oferta económica. Como criterio de adjudicación se establece la fiabilidad del estudio económico financiero, mejoras en las obras, así como el menor importe de las tarifas y mejor precio en lo que es la transmisión de los derechos de uso y disfrute. Se trata ahora, principalmente, de aprobar el expediente, el Pliego de Cláusulas Particulares, las prescripciones técnicas y el anteproyecto de explotación, y publicarlo en el Diario Oficial de las Comunidades Europeas, en el DOGA, y en el Boletín Oficial del Estado, para iniciar el plazo de presentación de proposiciones durante 52 días. Posteriormente se reunirá la mesa de Contratación, se valoran informes técnicos, se elevará al Pleno para adjudicación provisional y posteriormente, una vez presentada la documentación



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

señalada en el Pliego por parte del adjudicatario, se elevará a adjudicación definitiva y posterior firma de contrato. Estas son las características esenciales.

SR.ALCALDE.- Aproveito para felicitar o gran traballo realizado polo equipo técnico do Concello, tanto da Secretaria Municipal, como da Interventora, sobre este procedemento.

SR.RODAL, PP.- El Pleno de Baiona requiríó a la Sindicatura de la quiebra en julio del año pasado que pusiera a disposición del Ayuntamiento las instalaciones y servicios complementarios del aparcamiento constituyendo el rescate y firmándose el acta de recepción de las instalaciones al Ayuntamiento el 19 de noviembre del 2007, de ahí que lo traigamos a Pleno para su aprobación y basándonos en un anteproyecto de explotación del servicio público con ejecución de obras de reforma y conservación, así como la posterior gestión del aparcamiento según marca el estudio de viabilidad económica y del mejor rendimiento y funcionamiento del servicio que se pretende licitar; con tal objeto, **ELEVAMOS** al Pleno para su aprobación :

Primeiro.- O Concello de Baiona asume como propia a competencia do servizo público de aparcadoiro soterrado da Palma en bases as competencias que o artigo 25.1 LRBRL en relación con 25.2.b) recoñece ós municipios en materia de ordenación do tráfico.

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obras de reforma e conservación e posterior xestión de aparcadoiro soterrado da Palma cun prazo de duración de cincuenta anos con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación.

Terceiro.- Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

Cuarto.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no DOUE, BOE, DOG e perfil do contratante para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.

CONTINUA.- En este concurso público se exigirá un cánon mínimo de 1,8 millones de euros en los primeros 4 años de la siguiente manera: en el momento de formalización del contrato, 750.000 euros; al siguiente año, 368.000 euros; al segundo año, 350.000; en el tercero, 332.000; y desde ahí hasta finalizar la concesión, 2.952 euros anuales, así como la inversión cercana a 12.000 euros para modernizar las instalaciones tanto subterráneas como de superficie del aparcamiento que tiene una antigüedad de unos 16 años, además de mejorar la calidad del servicio que presta actualmente este aparcamiento municipal.

Además y entre otros requisitos, las empresas licitadores tendrán que aportar (como comentó la Secretaria) un anteproyecto de obra de reforma y conservación así como un plan económico y financiero que demuestre la viabilidad de la prestación del servicio.

La futura Mesa de Contratación estará compuesta por el Presidente, que será el Alcalde o vocal en el que delegue; vocales, que será un concejal por cada grupo político de la Corporación, un técnico, así como la Secretaria Municipal; y como Secretario, un funcionario designado por Presidencia. En cuanto a la valoración de ofertas, se valorará especialmente el mayor precio



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ofertado con un máximo de 50 puntos, hasta 20 puntos en las mejoras de reforma y de conservación; hasta 15 puntos por importe anual menor con relación en la rotación de plazas de aparcamiento; hasta 10 puntos por la viabilidad del plan financiero, y para finalizar, hasta 5 puntos por el mejor precio en plazas de cesión a residentes para los próximos 50 años.

Me sumo a la felicitación hecha por el Alcalde, tanto a los miembros del equipo de gobierno por apostar por el rescate de este aparcamiento municipal de la Palma y en especial a la gran labor y trabajo desempeñados tanto por la Secretaria, Susana Gallardo, como por la Interventora, Rosa del Riego.

SR. LORES, PSOE.- Bós días a todos, e antes de nada agradecer a boa disposición de todos os compañeiros da Corporación por permitir retrasar este Pleno posto que unha compañeira nosa non podía estar onte aquí, todo o mundo accedeu a este cambio, polo tanto antes de nada agradecer a boa disposición de todos os concelleiros e concelleiras.

Entrando no punto do Prego para a concesión do parking da Palma, a nós gustaríanos que esta fora a última vez que o tema da Palma pasara polo Pleno do Concello, polo menos que quedara resolto dun xeito xa definitivo e satisfactorio; pero desgraciadamente para nós, e creo que para todos os veciños de Baiona, o tema do aparcamento, non digo que acabe de empezar, pero sí que vólvese a meter noutra maraña xurídica que non sabemos exactamente onde nos vai a levar; nestes momentos non hai ningunha seguridade, ningunha certeza, de que as medidas que se poidan adoptar neste Pleno de hoxe, se adopten as que se adopten, teñan validez xurídica e que incluso poidan ter consecuencias para o futuro desta concesión.

Creemos que sería bó que os puntos 3 e 4 da orde do Día quedaran sobre a Mesa, máis que nada é unha recomendación, non o vamos a pedir porque sería meternos nunha votación que non tería sentido, sería perder o tempo, pero sí o recomendamos porque entendemos que segue habendo moitos, moitos, puntos oscuros, en todo este procedemento, en todo este proceso, e que van a quedar moitas dúbidas unha vez que aquí se tomen hoxe aquí as decisións que aparentemente se van a tomar.

No punto concreto do Prego de Condicións hai cousas que non entendemos moito; cómo se pode modificar a concesión en 50 anos cando o normal sería que se mantivese a concesión e sacála por 34 anos, que creo que é o resto que queda; tamén hai outros problemas que son as plazas que están neste momento reclamadas polos seus concesionarios, por un problema que está no Xulgado e que tamén está sen resolver; nós anunciamos que vamos a votar en contra deste Prego; non polo Prego en sí, senón por todo o proceso e por todas as cousas obscuras que dende o principio o grupo socialista está pedindo, dende que se iniciou este novo capítulo do parking da Palma alá polo mes de xullo, estamos pedindo que dunha vez por todas se clarifique, se poñan encima da mesa todos os datos, de todos os acreedores, que se sepa exactamente canto se debe, a quen se lle debe, e iso de momento parece que non está claro; incluso hoxe, na Voz de Galicia, aparecen unhas declaracións do Sr.Mantilla, que non é sospeitoso de estar en contra do equipo de goberno, o digo porque hai unha certa afinidade ideolóxica, onde amenaza incluso a todos aqueles concelleiros/as que aproben isto; quero dicir que non son eu quen amenaza, é o Sr.Mantilla. Que quede claro que nós, en principio, vamos a votar en contra deste punto.

SR.ALCALDE.- Xa explicou porque vai a votar que non.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu quixera antes de nada facer un pequeniño relatorio dos antecedentes do parking da Palma, dín os vellos que cando algo empeza mal, acaba tamén



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

mal, e proba délo é este parking; todos nos acordamos do conflito social e político que existiu durante tantos anos aínda que o conflito específico e real durara uns 9 meses, aproximadamente; ó longo do tempo todas as familias de Baiona sufrimos as consecuencias daquel conflito e non digo isto para entrar nese debate, quero escapar dese debate; digo que tivo un coste político e social importante para todos, e do que todos temos que aprender para non caer no mesmo outra vez.

En todo caso o que sí é suliñable e para nós digno de destacar, é que o 17 de xaneiro do 92 se aprobou a concesión administrativa deste parking, e foi cos votos a favor do PP, única e exclusivamente; máis adiante se retirou a concesión administrativa a GGP UNO, S.L., empresa que eu, naquela data, como membro da coordinadora, fun ún dos que denuncié que era unha empresa fraude porque se puña a facer un investimento creo recordar que cerca de 1.000 millóns de pesetas cun capital social de medio millón, e que lóxicamente cando chegou o momento de apuro non foi capaz de asumilo; así estaba esta empresa deseñada dende o principio para afrontar o que lle viña encima: nin foi capaz, nin vai a ser capaz, probablemente.

Detrás desa empresa tamén había xente do PP; curiosamente, cando o Xulgado nomea á Sindicatura alomenos ún dos síndicos é un ex-concelleiro do PP, creo que incluso foi senador, e durante todo o procedemento tivemos unha nefasta xestión do parking, unha nefasta concesión, e todo provocado polo PP. Resulta que agora mesmo se saca a concurso público unha nova concesión administrativa para poder, dalgunha maneira, sufragar todos os gastos que nos aporta a condena do Tribunal que está dividido en varios prazos de anos para que o Concello non teña que desembolsar toda esa cantidade de diñeiro; e nos parece ben que se faga así porque probablemente si o Concello se pón a explotálo, sería un negocio probablemente, pero para iso hai que ter ganas e hai que ter un proxecto político de non privatizar, e resulta que este goberno municipal nos últimos meses leva privatizado todo o que se lle pon por diante, incluso o que funciona con plenas garantías e en perfecto funcionamento, polo tanto non creemos que o goberno local teña ningún interese, nin ilusión, nin ganas, de sacar este proxecto adiante. Por todo isto nos parece ben que o saquen vostedes a concurso público.

Con respecto ó concurso público eu teño que decirlle, Sr.Alcalde, que vostedes tiveron moito tempo para estudar este tema, ten un equipo arredor sua todos os días que lle asesora e lle explica todas as dúbidas que teñen, pero é que a oposición aparte de non vivir profesionalmente da política non temos o tempo que teñen vostedes; vostedes fai uns días que nos deron isto nunha Comisión, que lle agradezco as explicacións e como o fixo, pero evidentemente este proxecto non debiera de vir hoxe a este Pleno, nos non tivemos tempo e tivemos que facer un esforzo tremendo e probablemente nos queden cousas atrás; aínda así lle podo asegurar que máis ou menos fixemos o traballo que tiñamos que facer da mellor maneira posible.

Atopamos que este documento é moi mellorable e tamén atopamos cuestións que non entendemos; non entendemos como a empresa que vostedes contrataron para facer un estudo de viabilidade técnica e económica dunha nova concesión do parking da Palma, petionario ou cliente: Concello de Baiona, Consultor: AQUATICA, dí na páx.3. *“Actualmente se dirimen varios litigios promovidos por los acreedores de la anterior Sociedad concesionaria. El presente estudio no contempla, y así ha sido expresamente requerido por el Concello de Baiona.....”*, volvo a repetir isto porque non ten desperdicio: *“el presente estudio no contempla, y así ha sido expresamente requerido por el Excmo. Concello de Baiona, las posibles consecuencias que decisiones judiciales pudiesen eventualmente tener respecto al activo en concesión”*. Isto é gravísimo Sr.Alcalde, é dicir, contratase a unha empresa para facer un estudo e se lle dá soamente a documentación que interesa e enfocada nunha dirección interesada; e dí:



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

“AQUATICA no ha llevado a cabo, y no se le ha solicitado que llevase a cabo, ninguna auditoría sobre la información utilizada para la prestación de esta asistencia”; máis grave aínda.

Na Comisión Informativa, como soamente había olleado por arriba a documentación, fixen unha pregunta ós servizos xurídicos e administrativos deste Concello e eu non sei se me entenderon mal (espero que sí porque senón a confianza deste concelleiro nos servizos do Concello quedaría moi mermada) e volvo a preguntar: ¿cántas prazas en condicións irregurais están agora mesmo vendidas no parking da Palma?, se me contestou que 8, e aquí pón que hai 40; rogaría que mo aclarasen.

Tamén preguntei ós servizos xurídicos, económicos e administrativos deste Concello, é dicir, á Interventora e á Secretaria, que repercusións poderían ter as demandas dos demandantes neste proxecto a longo prazo para este Concello, me dixeron que as demandas van directamente á masa da quiebra, e eu non o dudo, pero é que tamén preguntei se o Concello tiña responsabilidade subsidiaria na cuestión e me dixeron que era unha cuestión xudicial e que había que esperar ó momento; moi ben, pero é que se o momento chega, e o Concello é responsable subsidiario, nas bases non se contempra esa posibilidade; eu pregunto: se a sentenza, Sr. Alcalde, é desfavorable no día de mañán de cara ó Concello ¿a responsabilidade encima de quen vai?, ¿quen vai pagar iso?; porque outra cuestión é que no prego de bases se recollera que no futuro a responsabilidade subsidiaria que houbera destas decisións xudiciais tiveran que ser avaladas pola empresa, e non o pón, polo tanto esta cuestión é un envolado máis deste paquete de medidas que nos vai a vir encima, unha vez máis, detrás de todo segue gobernando o PP.

Non entendemos como se pode facer un estudio desta categoría sen antes por parte do Concello auditar as contas e saber en que situación real estamos; saber realmente en que situación están as contas do parking a día de hoxe. Polo que me acaba de dicir debe ser un puro cachondeo, digo eu; esperemos que ese cachondeo non vaia ás arcas municipais ó cabo do tempo, esperemos que non, pero moito me temo que sí porque lle volvo a recordar: é que o capital social do demandado, agora mesmo, GGP UNO, era de 3.000 euros, medio millón de pesetas, e de iso recordome moi ben porque fun ún dos que solicitei esa información. Polo tanto, a ver quen vai a pagar ó final.

Decía ó principio que este proxecto era moi mellorable, e claro que o era; no proxecto que vostedes recollen de reforma das instalacións para pórlas ó día (como decía o outro día a Interventora que era o apropiado, e me parece correcto) é que resulta que a reforma que fan é tan superficial que dentro de pouco vamos a estar na mesma manobra, é que aquí este proxecto fai augas por todos os lados; si vostede colle na memoria deste documento e lle os defectos que ten realmente o parking, non se recollen todos os que veñen no proxecto. Iso sí: lle van a limpar a cara, pintando, pondo ascensores, e pouco máis; e van a arreglar na parte superior 700 m². Lle recordo que a superficie do soto 1 son 5.000 m²., polo tanto na superficie no teito do soto 1 hai 5.000 m² máis o que afectou de arredor, a Palma ten aproximadamente uns 20.000 m². A proposta que nós lle facemos é ¿porqué non inclúen neste proxecto unha mellora da cuberta da que o prego fora parte imprescindible valorable de tal xeito de que fora un orgullo para todos os baioneses/as, de ter ahí unha obra ben feita?, ¿porqué non o inclúen?, non está; da maneira que o poñen vostedes van a reparar 700 m²., e ademáis o van a facer porque lle mete humidade; vostede sabe tan ben como eu que hai moitos baches e zonas a reparar moi importantes, e son uns 20.000 m²., porque se ben é verdade que a superficie do parking son 5.000 en cada planta resulta que para facer a obra afectou a moitísimos metros máis, como calquer obra.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Non se recolle ningunha mellora en tecnoloxías e xestións, non se reflexa a cantidade que van a pór cada ano para mantemento das instalacións, e que non se pón, non se pón nada en absoluto; e dentro de 50 anos si todo sae ben, que permítame que o poña en dúbida, será volta a entrega a este Concello pero non pon en qué condicións, e o dí claramente na páx.5 do artigo 4, non dí en qué condicións se van a recoller, específicas, este inmovible.

Creemos que este documento é moi mellorable e lle vamos a recalcar outro dato máis: a partir do carto ano que a concesionaria dea pagado as cantidades reclamadas, terá que pagar esta concesionaria un cánon ó Concello; eu imaxino Sr.Alcalde, que vostede sabe canto van a pagar, 6 euros por praza, é decir, 2.400 euros ó ano; un parking con 400 prazas van a pagar 2.400 e/ano ó Concello, de cánon, cando resulta que hai negocios en Baiona que pola entrada do garaxe pagan moito máis que esta empresa por unha concesión dun espazo de uso público no sitio máis neuráxico de toda Baiona: 2.400 euros. A 6 euros cada praza, resulta que hai Concellos moi cercanos ó noso que non pagan 6 euros, pagan 15; case tres veces máis; o que pedimos nós é que este documento se retire, pero non para que non o volvan a traer senón para que o volvan a traer mellorado, para que se recollan as propostas, dentro das posibles, que nós acabamos de facer, nós queremos que se vote. En todo caso, senón o retiran e votan vostedes a favor, serán vostedes, o PP, quen teñan a responsabilidade de volver a facer outra chapuza máis. Nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Decir que o parking da Palma foi unha das grandes obras que se fixeron en Baiona; que posibilitou o desenrolo e a modernización ó acabar cun mal endémico que existía que era a falta de aparcamentos; hoxe en día Baiona é ún dos principais pobos de España con máis prazas de aparcamento soterrado, porque non soamente ten ó da Palma senón tamén ó dos Tendais. A Palma hoxe en día funciona como un aparcamento que presta un servizo público nunha zona de calidade e que practicamente é rentable.

Quero felicitar-me de que todos os pasos que deu o Concello de Baiona foron correctos posto que había uns pregos de cláusulas que blindaban ao Concello como propietario dese ben de dominio público que é o aparcamento da Palma, e non quero entrar en historias do conflito, iso é auga pasada, e me remito ó acordo plenario do 14 de xullo do 95 no que se acordou declarar extinguido o contrato de concesión do aparcadoiro coa empresa GGP UNO, S.L., sen dereito a indemnización algunha ó haber incurrido no suposto de extinción do contrato previsto na cláusula 53.1 do Prego de Condicións que rexíu o concurso para a súa concesión. Lóxicamente este "*sen dereito a indemnización algunha*" non implica que nós teñamos unhas obrigas coa empresa ING DIRECT, INTERNATIONALE NETHERLANDEN LEASE ESPAÑA, S.A., que, dalgunha maneira foron os que puxeron uns cartos, cuia deuda nós nestes momentos recoñemos e entendemos que hai que pagar.

Todas, absolutamente todas, as resolucións xudiciais que se deron ó respecto, foron a favor do Concello de Baiona, e hai unha cousa clara que posiblemente nadie se atreveu a dicir pero eu o vou a dicir: o parking da Palma é un ben de dominio público e como tal nunca debeu integrarse na masa da quiebra, máis aínda cando o Concello había resolto o contrato da concesión por declaración da quiebra da concesionaria. Este é o punto clave, errático, por parte de Organismos que é increíble que haxan tomado ese acordo, pero que realmente o tomaron, e o Concello está blindado ante calquer resolución xudicial por isto que acabo de dicir.

Falemos tamén da Sindicatura. A Sindicatura, que leva 12 anos xestionando o aparcadoiro, curiosamente non houbo ningunha amortización da masa da quiebra, isto é inaudito; e hoxe podo falar con datos e sen temor a equivocarme de que o aparcadoiro da Palma produce como mínimo unha media de 20 millóns das antigas pesetas libres de cargas; se multiplicamos por 12 anos



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

resultan 240 millóns de pesetas, ¿onde están eses 240 millóns?, ¿porqué non se amortizou nada?; eu, si fora un membro da Sindicatura, de verdade que estaría moi preocupado; o Concello non ten porque estar preocupado.

O Concello ten que dar pasos firmes, seguros, e seguir coa folla de ruta que nos marcamos; esa folla de ruta que iniciamos polo ano 95 e que agora, porque non podía ser doutro xeito, todas as resolucións xudiciais son a noso favor e se vai esclarecendo unha situación que era anormal; era como se tiveramos unha criatura que é da nosa propiedade e todo o mundo lla magreara cando é o Concello que ten realmente que regular, explotar, e controlar ese aparcadoiro que é un ben de dominio público; creemos que este concurso que se vai a sacar ó longo vai a ser beneficioso para ó Concello, entre outras cousas porque vai a permitir o acabado do aparcamento, porque qué dubida cabe que dende que se construíu ata agora pasou o tempo e lóxicamente se pode modernizar e temos que aproveitar para facélo así, vai a sufrir un cambio espectacular. Sobre o que apuntaba o concelleiro do BNG de que se podían esixir máis melloras, non se olvide que isto é un concurso, e as empresas concesionarias, se queren gañar ese concurso, lóxicamente terán que ofrecer melloras, e o van a facer, e van a ter un ben de dominio público con todas as garantías; e decirlle tamén, Sr.Fernández, que a concesionaria non lle vai a ter que pagar nada a INTERNATIONALE NETHERLANDEN, nada; quen lle vai a pagar a INTERNATIONALE NETHERLANDEN é o Concello; os outros, dalgún xeito, van a ter un ben de dominio público libre de cargas.

Neste longo camiñar teño que felicitar unha vez máis ó traballo feito polos servizos xurídicos e de Intervención do Concello de Baiona que en todo momento han sido firmes, que en todo momento teñen as ideas claras, e que por fin, despois de moitos anos, se lle vai a dar a razón a quen a tivo dende o principio, que non podía ser doutro xeito, que é ó Concello de Baiona. Este Pleno é o órgano soberano para regular e controlar ese ben de dominio público que é o aparcadoiro da Palma, polo tanto nós, coa firmeza e coa seguridade de que estamos en posesión da verdade, vamos a votar a favor deste Prego e desta resolución que hoxe se vai a tomar aquí neste Concello. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Antes de proceder á votación a señora Secretaria pode contestar ás preguntas do Sr.Fernández.

SRA.SECRETARIA.- Sobre las obras de mantenimiento y conservación a los efectos de la recuperación del parking, está previsto en la cláusula 42 del Pliego. En relación con las plazas no formalizadas en escritura pública lo que se dijo en la Comisión fué que reclamaciones que se hubiesen presentado en el Concello eran sobre 8 o 10, no que hubiese más ó menos, que desconecemos, que es un dato que sacamos de la documentación del Juzgado de la quiebra, que nos facilitó la Sindicatura en su momento una relación de nombres, pero no se ha entregado contrato privado de las restantes 40; hemos visto sobre 10. La redacción del informe del estudio de viabilidad se ha realizado en base a los datos contables de todas las cuentas que están depositadas en el Juzgado; como ya se informó en la Comisión Informativa el pliego exige que los contratos de cesión permanente se formalicen en escritura pública por los contratos privados no se ajustan al Pliego por lo que no se reconoce el derecho.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu non preguntei na Comisión cantos reclamaran senón cantos había en situación irregular, e me dixeches 8; si eu pregunto sobre a velocidade dun coche non me fales de canto tocino comeches o día anterior.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SRA.SECRETARIA.- Al Concello no se le han entregado ninguna copia de los restantes contratos privados y la consultora tiene conocimiento de los mismos por los datos contables obrantes en las cuentas depositadas en el juzgado.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Ou sexa, que hai 40 en situación irregular.

SR.ALCALDE.- Sobre o tocino falolle eu, non a Secretaria Municipal; o tocino é o seguinte: nós non temos que saber que tipo de contratos particulares teñen unhas persoas; nós temos que ir, como marca o Prego de Condicións, ós que estén en escritura pública; un recibo de haber pagado un aparcamento non da dereito absolutamente a nada, e o Concello de Baiona ten que respetar a legalidade e a legalidade é a do Prego do concurso orixinal onde se falaba de "escritura pública".

Sr.Fernández, sei que está vostede nun papelón: vostede está de acordo totalmente con nós pero desgraciadamente vostede está en campaña e ten que decir que Aznar foi o que construíu o parking da Palma e que antes de ir ás Azores estivo aquí. O que non permito é que un traballo técnico impecable vostede intente botarillo por terra. Vostede vote o que queira.

Houbo unha Comisión Especial o día 24 onde de forma exclusiva se pasou a documentación que había e se tivo a disposición é equipo técnico, xurídico, e de Intervención, para todas as preguntas que se quixeran facer; esta mañán se dan as últimas sentencias que chegaron; e a información a ten dende o mesmo día 24, nesa reunión, e despois tivemos unha Comisión Informativa 4 días despois; pero senón lee vostede non nos diga despois que está mal.

Dentro da valoración do concurso están as melloras en superficie, iso é o que, como decía o Sr.Vilar, a concesionaria ten que presentar, lóxicamente, unha opción de compra, para gañar o concurso, de cantidade económica de menor prezo de melloras en superficie; iso é o que ten que presentar, iso se vai a valorar, se vai a puntuar; entón iso está resolto.

Como decía a señora Secretaria antes, no art.42, Acta de recepción, dí que "5 anos antes de que conclúa o período concesional, o Concello de Baiona designará Interventor técnico, o cal vivirá a conservación", e máis adiante, dentro dese punto, dí que "no caso de que non se executen as instrucións no prazo indicado o Concello acordará a imposición de sanción por unha cuantía equivalente ó 125% do importe das obras a realizar"; si vostede lee unha segunda vez a documentación seguramente vai a mellorar moito a concepción que vostede ten destes pregos; pero Sr.Fernández, diga a verdade, diga que non pode votar a favor porque non pode facélo, pero non trate de decir que todo está mal feito.

O máis importante para mín, confirmando o que decían o Sr.Rodal e o Sr.Vilar, é que isto é un ben municipal, e durante 12 anos se estivo explotando por alguén que non era o que tiña o título de explotación, e o Concello de Baiona ten que recuperar unha propiedade municipal, e ata agora, todas as sentencias que houbo nos están dando a razón; se vostede non pode votar a favor non pasa nada, faga vostede o que lle permitan.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Efectivamente, Alcalde, vostede nos convocou a unha Comisión Especial, nos deu a documentación, e nese momento ¿qué quería que fixeramos, que empezáramos a facer preguntas sobre un documento que non miráramos?; houbo despois, ós 4 días, unha Comisión Informativa, e eu fixen preguntas e se me contestaron a cousas que eu non preguntei, ou de maneira errónea, porque onde eran 40 dixeron 8; e nós non puxemos un adxectivo peyorativo a este documento, nós dixemos que era mellorable, simplemente; e a razón no la dá vostede cando un minuto antes do Pleno (primeiro 5 minutos antes, e agora 1 minuto antes) nos dá dous documentos importantísimos; nós creemos que isto está coxo aínda, que necesita tempo, e que as cuestións que nós lle plantexamos poden ser recollidas no proxecto; si vostedes non están



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

interesados en defender os intereses públicos é outra cuestión e é responsabilidade de vostedes, pero non queira o noso apoio para aprobar algo que sabemos que non é para defender os intereses de Baiona, que non están ben defendidos polo menos, según o noso entender; polo tanto non nos pida iso; aquí aínda poden chegar papeis mañán e pasado, pode chegar máis documentación, e vostede xa vai aprobar hoxe o Prego de Condicións; creo que están metendo o barco nas pedras, non sei que prisa teñen. O día que se recolleu a concesión nós dixemoslle que deberan de facélo, que era responsabilidade do goberno facélo, porque cada día que pasaba se xeneraban máis intereses, evidentemente, e que estamos de acordo con iso; e agora estamos decindo que este Prego é mellorable, polo menos vamos a sentarnos e discutimos as melloras que propoñemos, Sr.Alcalde, porque ó mellor hai melloras que nós propoñemos que se nos escaparon e resulta que xa están recollidas, bueno, pois entón moi ben, están recollidas e punto; pero temos que ter tempo para falar e para traballar porque senón vamos a seguir enmendando unha chapuza e vai haber máis problemas adiante, e cada vez que hai problemas neste aspecto resulta que lle vai ó bolsillo dos veciños, nin máis nin menos.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, o problema é que non lee o documento porque está no documento.Vostede pide a retirada pero nós entendemos que é un bó documento, e se llo entregamos antes de entrar no Pleno foi porque ún déles chegou 10 minutos antes de empezar a sesión, pero é que ademáis non ten nada que ver con iso, nada que ver; non confundamos unha cousa con outra. O que está claro é a total transparencia do proceso.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da petición do BNG de retirar o presente punto, resultando: votos a favor, 8 (2,BNG, 6,PSOE); votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ); polo cal rexeitase a petición do BNG. Se inicia o 2º turno de intervencións.

SR.RODAL, PP.- Como comentamos antes, hace 12 años se confirmó la quiebra para el rescate de la empresa GGP UNO; en el Pleno de octubre del 2007 el Sr.Fernández comentaba que por fin un equipo de gobierno iniciaba el rescate de la concesión y que esto se debía haber hecho antes; desde el comienzo del rescate, la Justicia (como ya comentaron antes Manolo Vilar y el Alcalde) siempre nos ha dado la razón en todos los pasos legales que se siguieron y por supuesto no hay nada de política oscurantista, como dijo en un Pleno el Sr.Lores, en la gestión del rescate de esta concesión, ustedes lo saben y no debían asustar a la ciudadanía diciendo (tanto un portavoz como el otro, en su momento) que la deuda sería aproximadamente de 6 millones de euros, 1.000 millones de las antiguas pesetas; ahora estamos hablando de una deuda de 1,5 millones de euros, es la sentencia que hay; y uno de los motivos de estas gestiones que se están realizando es porque sí hay una sentencia y hay que pagar a ING, por lo tanto hay que agradecer todo el trabajo realizado por la empresa AQUATICA para llevar este proceso para gestión de los cánones.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Decía usted, Sr.Alcalde, que ya sabe porque vamos a votar no; yo voy a intentar explicárselo y no ponemos en cuestión el trabajo técnico, jurídico y económico, de los servicios del Concello, nos parece absolutamente correcto, pero creo que no ha acabado; es decir, son 3 procedimientos en el TSJG, el 5546 y el 5956 acumulados, de ING, y el 5545 de GGP UNO. Ustedes, hoy, tanto en este punto como con el siguiente, lo que hacen es resolver el procedimiento de ING, 5546 y 5956; con un criterio, con una interpretación, ustedes lo resuelven (después en el siguiente Convenio que vamos a votar ya hablaremos de eso); pero el 5545 de GGP UNO, ese



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

sigue funcionando, y seguirá, por lo cual no cuestionamos el trabajo técnico de los servicios jurídicos y económicos del Concello, lo que nos parece es precipitado el momento de traer a Pleno un nuevo Pliego de Condiciones y un convenio con ING porque no ha acabado ésto, y aun falta mucho para terminar. La sentencia que usted leyó y que le acaba de llegar, Sentencia 241/2008, y que dice que también es favorable al Concello, es verdad, la sentencia dice que se desestima el recurso, y ¿qué recurso se desestima?, pues que el síndico representante de los acreedores en la quiebra lo que hace es recurrir el acuerdo del Pleno para que en el plazo de 30 días se pongan a disposición del Concello de Baiona las obras e instalaciones, eso es lo que se desestima en esa Sentencia, ese recurso; un señor pide la nulidad del acuerdo de disposición en 30 días de los bienes para el Concello; y el Tribunal dice que no.

Usted lo leyó, pero yo creo que hay que explicarlo y entenderlo; el Tribunal entra en el fondo y dice "la única cuestión controvertida es si dicha extinción *deja a salvo el derecho de la recurrente a percibir el justiprecio de la concesión*", entra en el fondo del asunto, es decir, si el recurrente plantea esta cuestión ante el Juzgado es porque tiene miedo a que non tenga derecho a aquellas sentencias famosas por el tema de que se impugnó el acuerdo plenario de caducidad de extinción de la concesión; lo que hace el Tribunal es aceptar el acuerdo plenario del Concello de Baiona salvo lo de "*sin derecho a indemnización alguna*", por lo tanto en esta sentencia, el recurrente, lo que entiendo que hace es, por el acuerdo plenario donde pedimos en 30 días los bienes, si sigue a salvo aquello de la sentencia.

El Tribunal, en el punto 2, dice: "*Dicha cuestión queda perfectamente clara en el artículo 137 del Decreto del 17 de junio de 1955*", "*a este efecto, en el plazo de un mes desde que la caducidad hubiera sido ejecutada, la Corporación incoará expediente de justiprecio de la concesión, sin modificar ninguna de las cláusulas de la misma y con intervención del titular caducado*", y en el siguiente párrafo dice: "*Extendiendo el supuesto específico de extinción de la concesión por caducidad, al presente supuesto de extinción, el precepto resulta claro al establecer que la extinción otorga un derecho inmediato a la Corporación Municipal a la incautación de los elementos*", que es el acuerdo plenario, y "*que unicamente una vez transcurrido un mes desde la total ejecución de dicha incautación, la Corporación procederá a incoar el expediente de determinación del justiprecio*"; y hacemos un Pliego de Condiciones por millón y medio de euros, con un plan de viabilidad, y tenemos un auto del TSJG del 24 de enero del 2008, donde dice que incluso el perito designado por el Juzgado avala el costo de reversión, que podía ser el justiprecio, actualizado a 31 de agosto de 2005, en 600 millones de pesetas; situación, valoración, que el Concello llamó imprecisa y falta de rigor pero no impugnó ni dió lugar a ningún tipo de medio ó prueba para impugnarlo, por lo cual en este Concello tenemos ese precio por aceptado, o ese justiprecio, o ese precio de instalaciones. Nosotros vamos a votar en contra por lo que he intentado explicar, porque creemos que el procedimiento del 5545 no ha rematado, que puede dar lugar a indemnizaciones millonarias, que ¿a quien puede corresponder esa indemnización?, pues un Tribunal lo determinará, puede ser al nuevo concesionario pero es que también puede ser al Concello, con el posible embargo de todos los bienes que pueda tener el Concello, por lo cual nos parece precipitado; el trabajo técnico, impecable, el momento de llevarlo al Pleno creo que precipitado, nos parece una temeridad, no existe aún una finalización total de un procedimiento jurídico. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, decía vostede que no Prego de Condicións se valorarán as melloras que se propoñan polas empresas adxudicatarias, pero é que ten que partir do Prego de que esas melloras sexan unhas mínimas, ¿ou espera vostede que a iniciativa privada lle veña a resolver gratuitamente todos os problemas desa concesión?, parece mentira que leve tantos anos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

en política. Vostede fixo uns cálculos e decía que onde están os 240 millóns de pesetas que supostamente tivo de beneficio o tempo que durou a adxudicación, e non sei si vostede sacou as contas desta memoria de AQUATICA, pero dí en "*Gastos de persoal no ano 2005, 2006 e 2007*", varían os porcentaxes, que están nun 29,3% no 2005, nun 22,5% no 2006, e nun 24,6 no 2007, e dí máis abaixo "*Servicios de profesionales independientes, Sindicatura, un 27,2%, un 28,5%, e un 26,6%*", é dicir, gañaron máis os síndicos que todo o persoal empregado no parking. Puxéronse uns soldos, ou llos puxo alguén, moitísimo máis altos, non sei cantos síndicos son, 3, 4 ou 5, que todo o persoal que traballa no parking de Baiona. Todo isto, todos estes datos que temos, son suficientes para facer unha auditoría, que era o que decíamos nós ó principio, porque a fin de contas é que estamos falando de terreo de dominio público e dunha propiedade municipal, e ¿quén é o responsable de que funcionen correctamente as propiedades municipais, de que se xestionen perfectamente?: o goberno local, Sr.Vilar, e vostede agora é Teniente de Alcalde pero foi moitos anos Alcalde e non fixo nada; pois fáganno, fagan unha auditoría, pero non especulen porque están enmerdando a todo o mundo menos ó goberno local. O goberno local é o máximo responsable, e vostede é o segundo da bordo nesta Corporación, e foi durante moitos anos o primeiro: o Alcalde, polo tanto algo de responsabilidade terá que ter, digo eu, vostede e o Alcalde actual.

Sr.Vilar, e Sr.Alcalde, hai unha cousa que está clara: non se fixo a auditoría, e aquí as contas non cadran, vostedes falan de 2,6 millóns, pero é que hoxe na prensa o Sr.Mantilla (compañeiro do seu partido, senador do PP, concelleiro en Vigo, incluso creo que foi deputado) fala de 3,6 millóns de euros, ou sexa, a diferenza é soamente de 1 millón, total, millón arriba, millón abaixo, que máis da; o que pasa é que ao mellor esta diferenza de 1 millón é o que lle comentabamos nós antes do resultado de cando saian as sentencias finais e haxa que pagar con diñeiro público porque o Concello vai a ser o responsable subsidiario; pero claro, paga "Juan Pueblo" e resulta que ó goberno do PP deste Concello de Baiona iso lle trae sen coidado, ese é o resultado, esa é a lectura final.

Creemos deben vostedes etirar este documento e consensuálo na medida do posible, que eu creo que se podería chegar a un acordo, volver a traélo e sacar este tema adiante medianamente ben, da mellor maneira posible, porque lle volvo a repetir que o que mal empeza mal acaba.

SR.VILAR, CMÑ.- Lamentablemente para ó Concello de Baiona, o Sr.Manuel Vilar deixou de ser Alcalde no ano 99, e o digo en concreto por este tema da Palma porque nós habíamos marcado unha folia de ruta pero curiosamente chegouse logo a unha situación na que as persoas que tiveron responsabilidade política nun momento determinado non se quixeron meter a fondo neste tema, entre outras vostede.

Vostedes estiveron gobernando, vostede foi Teniente de Alcalde nunha época importante, tivo todo o poder do mundo para tomar algunha decisión neste senso, tanto vostedes como o PSOE, e a non lle falo da época do tripartito, falo do bipartito; non tomaron ningunha decisión, e fíxese, eu por responsabilidade, tampouco lle achaco nada, porque é un tema complexo, é un tema de moita profundidade e análise, require resolucións xudiciais que sexan aclaratorias e posiblemente daquela non as houbo. Os acordos se toman cando hai que tomálos, cando temos un equipo de asesores xurídicos que neste caso entraron a fondo no tema, en fin, todo requería un tempo; o que sí teño moi claro é que ningún dos que estamos aquí vamos a ter responsabilidades penais por este tema, nós non, outros ao mellor poderían estar preocupados máxime cando eu dispoño de datos e xa sei máis ou menos o que pode producir o aparcadoiro da Palma nun ano, e cando lle falo de cantidades (aparte deses salarios estratosféricos que se estableceron ahí) ao mellor me quedo corto.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Quero decir que os que estamos gobernando non somos ningún irresponsables, e antes de entrar nun Pleno eu me reúno coa Secretaria, coa Interventora, e lles pregunto que consecuencias pode ter o Prego, recibo asesoramento, e me dín que non, que non afecta para nada; senón seríamos os primeiros en retirálo. Estamos actuando de maneira responsable, e a responsabilidade supón estar asesorados técnica e xurídicamente polas persoas que neste momento levan o tema con toda a honradez do mundo, con toda a confianza do mundo para este equipo de goberno, e por elo vamos a votar a favor deste tema hoxe neste Pleno conscentes de que o que facemos é unha gran responsabilidade, cun asesoramento no que confiamos plenamente, non o facemos de maneira irresponsable, e creemos que o tempo tamén xoga a favor de todos estes acordos; creo que é o momento de tomar este acordo, xa se chegou a un punto de inflexión no que temos que estar firmes, e falando desas noticias que por exemplo hoxe saen na prensa, penso que ao mellor é a forma de acabálas, porque son noticias que sacan para despistar e aquí no cabe o despiste, aquí caben o rigor e os acordos, e que se publique nos Diarios Oficiais e nos Boletíns, que son os que marcan dalgún xeito a posición do Concello ante un ben de dominio público como é o aparcadoiro da Palma. Salvo o que decida o Sr. Presidente, que goza da miña máxima confianza, estamos a favor de sacar este tema adiante.

SR.ALCALDE.- Evidentemente estamos a favor por un sentido de responsabilidade; o cómodo para o grupo de goberno era facer como fixeron os anteriores: deixálo, deixar que seguera tal e como estaba, pero entendíamos que non podía ser, non pode ser que dende o ano 95 se haxa retirado esa concesión e o Concello de Baiona tapara os ollos, deixara ir, ata que un día dentro de 10, 15 ou 20 anos, todo explotara. O que se dixo de que é precipitado non é certo, non é precipitado, todo isto leva un proceso, levamos ano e pico con toda a preparación necesaria para facélo en condicións, cun estudio económico-financieiro, un estudio das necesidades de obras que hai no parking, e con todas as resolucións que van saíndo, pero desgraciadamente, todos os sabemos, as resolucións xudiciais tardan o que tardan e podemos estar anos ata acabar o proceso. O que está facendo o Concello de Baiona neste momento é adiantarse a todos os posibles acontecementos e estar preparado absolutamente para todo.

Quixera facer dous apuntes que me parecen fundamentais: en data 18 de xullo de 2002 o TSXG, o órgano máis importante da Xustiza en Galicia, dictou un auto por el que se determina "*Lo que es competencia del orden jurisdiccional civil es el reparto por los demás acreedores del cobro del exceso una vez que el acreedor hipotecario haya obtenido su parte. Es materia contenciosa, pero desde luego ajena a esta ejecución, lo que el Ayuntamiento haya de abonar por las 62 plazas no hipotecadas, y será también materia civil, si alguien lo discute, el alcance privilegiado del crédito hipotecario, pero ello lejos de impedir tramitar esta ejecutoria, solo determinará en su momento se de cuenta de ello a la Sindicatura de la quiebra*", creo que está clarísimo lo que está diciendo el TSJG.

O segundo punto que quería puntualizar, xa que se dí que o Prego é un desastre e que é mellorable (evidentemente, todo nesta vida é mellorable), que este Prego conta con 5 puntos para puntuar a empresa que queira gañar este Concurso; 5 puntos que son: 1.- *A mellora do valor da concesión, 50 puntos*, (ó que faga a mellor oferta económica); 2.- *Melloras nas obras de reforma e conservación, ata 20 puntos*; e dí: "*que presente un maior incremento de unidades de obra sobre as cantidades establecidas no Prego de prescricións técnicas, xa sexa en relación coas obras de reforma ou con melloras ou solucións arquitectónicas relacionadas coa urbanización da superficie do aparcadoiro*", ou sexa, o segundo punto máis importante á hora de puntuar son as melloras que poida facer a empresa na superficie do aparcadoiro (digo isto contestando ó Sr. Fernández). 3º.- *Importe das tarifas medias polo uso rotatorio dos aparcadoiros*", é decir, o que baixe a tarifa, puntuar



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

15 puntos; 4º.- *Fiabilidade do plan financeiro, ata 10 puntos*; é decir, o Concello non entregará a concesión so ó que oferte a maior oferta económica senón que tamén faga o mellor estudio de viabilidade desa concesión, porque non queremos empresas que non teñan consistencia nin experiencia, queremos unha empresa de solvencia que faga un bó servizo para todos. 5º.- *O importe do prezo das plazas de cesión para residentes. Ata 5 puntos.*”, estes son os cinco puntos de valoración, cinco puntos importantes, cunha graduación evidentemente de certa lóxica. Pensamos que este é un exercicio de responsabilidade, non podemos quedarnos quietos, é un problema que leva enquistado moitos anos e que o Concello de Baiona ten que resolver, creo que esta é a vía e que estamos intentando sacar adiante con total transparencia, e dende logo a información sempre a daremos dende ese punto.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente Moción, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 8 votos en contra (6,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- O Concello de Baiona asume como propia a competencia do servizo público de aparcadoiro soterrado da Palma en bases as competencias que o artigo 25.1 LRBRL en relación con 25.2.b) recoñece ós municipios en materia de ordenación do tráfico.

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obras de reforma e conservación e posterior xestión de aparcadoiro soterrado da Palma cun prazo de duración de cincuenta anos con procedemento aberto a oferta economicamente máis ventaxosa con varios criterios de adxudicación.

Terceiro.- Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

Cuarto.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no DOUE, BOE, DOG e perfil do contratante para que no prazo que se sinala no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.

EXPLICACION DE VOTO DO SR.FERNANDEZ, BNG.- Decir que votamos en contra debido a que non se contemplou a retirada que nós propuñamos para recoller as melloras importantes que creíamos debían recollese; e pese á explicación do Alcalde, na última intervención, de que aparentemente sí se recollían, non da maneira específica que o facíamos nós.

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE BAIONA E ING LEASE E.F.C. S.A., PARA O CUMPRIMENTO DE SENTENZA Nº 1085/97 DE DATA 21 DE OUTUBRO DE 1997.

O Sr. Alcalde procede á lectura da seguinte Providencia do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Vigo, con data de hoxe, 3 de outubro de 2008, recibida uns minutos antes do inicio da sesión plenaria.

PROCEDIMIENTO: PIEZA SEPARADA DE QUIEBRA SECCION 4a. 973/1994 sobre OTRAS MATERIAS

De PROTECCION Y SEGURIDAD DE GALICIA, S.A.
Contra GGP UNO, S.L.

PROVIDENCIA MAGISTRADO-JUEZ
D.LEONARDO ALVAREZ PEREZ

En Vigo, a tres de octubre de dos mil ocho.

Dada cuenta: A tenor del escrito de fecha 2 de septiembre de 2008 presentado por la representación legal de la entidad Vías y Construcciones S.A. se debe acordar la necesidad de requerir al Ayuntamiento de Baiona para que ponga a disposición de la masa de la quiebra cualquier cantidad que por cualquier concepto tenga que satisfacer a la entidad quebrada, correspondiéndole a este Juzgado determinar el destino que se debe dar a dichas cantidades y que acreedores tienen derecho a cobrar y en qué orden.

Respecto del posible convenio entre el Ayuntamiento de Baiona y la entidad ING, es una cuestión que atañe únicamente a ambas entidades, si dicho acuerdo llega a adoptarse y la representación legal de la entidad VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. considera que dicho acuerdo es contrario a la legislación vigente habrá de impugnarlo por los trámites legalmente previstos.

SRA.INTERVENTORA.- Como consecuencia del auto que ya conocen todos del TSJG de 24.1.08, se acuerda acoger parcialmente el incidente de ejecución presentado por la Procuradora Sra.Castro Rey en nombre de ING, estableciendo como cantidad a satisfacer por el Concello de Baiona en ejecución de Sentencia de 18.9.97 la cantidad de 261.740.000 ptas (incluyendo intereses y costas).

Como consecuencia de ese auto y una vez el mismo es firme, surge la obligación del Concello de abonar esta cantidad. Tras varias reuniones con la empresa ING, el Ayuntamiento ha visto la necesidad de fijar en un convenio las formas de pago de esa cantidad, cantidad que lógicamente debe abonarse a ING de conformidad con la Sentencia del TSJG, como así en el auto del Juzgado de 1ª Instancia nº 3 de Vigo queda claro que el convenio es una cuestión que se recogerá entre el Concello e ING, y como pongo de manifiesto en el informe no es competencia del Pleno su aprobación, pero se trae aquí para explicarlo por estar intimamente relacionado con el tema de la concesión del parking, pero la aprobación del convenio es una competencia del Alcalde. Hay que tener en cuenta que este cumplimiento del convenio deriva de una sentencia judicial firme por lo cual surge una obligación de pago para el Concello, por lo que se trata de recoger en ese Convenio un calendario de pagos y fijar una serie de actuaciones que puede ejecutar ING en caso de incumplimiento del mismo, y expresamente en una de las cláusulas, creo recordar que la 8ª, se hace referencia a que en caso de incumplimiento del pago de cualquiera de las cuotas por parte del Concello, ING se reservaba la facultad de acudir al TSJG para que requiera al Concello el pago de cualquiera de esas cantidades. Este importe se



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

abonará en 4 años, devengando el interés legal del dinero que es lo que marca la Ley, y devenga intereses desde que se dictó la sentencia el 24.1.08 hasta que se realice en último pago, en todo caso le corresponde aportarlo al Concello de Baiona, independientemente del tema de la concesión del parking ó no, el Concello tiene que abonar esta cantidad, por lo que se trata de hacerlo de la manera menos gravosa para el Concello, y en el supuesto de que la concesión no saliera adelante se tramitará el expediente de modificación de crédito necesario. El convenio recoge una serie de cláusulas en cuanto a las fechas de pago y las obligaciones de las partes, haciendo referencia a los antecedentes, a las sentencias, como consecuencia de las cuales surge esta obligación de pago por parte del Concello.

En cuanto al auto recibido del Juzgado, presentado por VIAS Y CONSTRUCCIONES, como comentó el Alcalde en el punto anterior, nosotros tenemos que abonar lo correspondiente a las plazas que están hipotecadas; el resto de las plazas no hipotecadas es una cuestión del orden civil que lógicamente el Ayuntamiento una vez que solicite la ejecución de la sentencia pondrá a disposición del Juzgado como no puede ser de otra manera; el Ayuntamiento pondrá la cantidad que el Juzgado estime necesaria; pero esa es una cuestión independiente del acuerdo de pago entre el Concello e ING porque a ello nos obliga una sentencia judicial firme; lógicamente si el Concello no cumple esta sentencia ING puede ir en contra reclamando el pago de la cantidad que se especifica. Asimismo, para mayor garantía procesal, se ha recogido en una de las cláusulas que las procuradoras de las dos partes van a elevar al TSJG la copia de dicho Convenio para que tenga conocimiento del cumplimiento del mismo y del cumplimiento de la sentencia.

SR.RODAL, PP.- Como todos ustedes saben en el año 92 la mercantil GGP UNO adquirió la titularidad de la concesión administrativa para la construcción y explotación del aparcamiento subterráneo de la Palma, compuesto de 492 plazas en sus dos plantas, 241 en la superior y otras 251 en el sótano, y dicha construcción fue financiada por la entidad ING. El 31.1.05 ING demanda a GGP UNO en concepto de principal con 170.321.405 ptas, y 6.374.884 pesetas en concepto de interés de demora; unos meses más tarde, el 8.5.95 se declara la quiebra de GGP UNO y el 14.7.95 el Ayuntamiento de Baiona declara extinguido el contrato de concesión del aparcamiento a la misma sin derecho a indemnización por haber incurrido en la cláusula 53.1. del Pliego de Condiciones que regía la concesión y establecía que en caso de quiebra la concesionaria no tendría derecho a indemnización alguna.

Como se citó en el punto anterior, el 26.7.07 se requirió a la Sindicatura de la quiebra que pusiera a disposición del Ayuntamiento las instalaciones y servicios complementarios del aparcamiento, firmándose el acta de recepción de las instalaciones el 19.11.07. El 24.1.08 la Sala de lo Contencioso-Administrativo del TSJG establece como cantidad a satisfacer por el Concello de Baiona en ejecución de la Sentencia del 18.9.97 el importe de 1.573.089 euros, desde ING se propuso al Ayuntamiento la formalización de un Convenio para fijar un calendario de pagos y acordar el cumplimiento de la sentencia que sea de 4 años, desde mayo del 2009 hasta mayo del 2012, sin perjuicio de amortizaciones anticipadas antes de la finalización prevista. El coste de esta deuda con ING se solventará mediante los ingresos que se percibirán en la nueva concesión garantizando las empresas licitadores su exención de la deuda citada anteriormente.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Queremos plantear la retirada del punto, no llevar a cabo este Convenio, y voy a intentar explicar las causas y los argumentos que queremos defender. El 14.6.95 el Concello de Baiona adoptó acuerdo plenario de extinguir la concesión administrativa del aparcamiento de la



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Palma, sin derecho a indemnización alguna, como dije antes, y posteriormente los Tribunales, a instancias de ING y de GGP UNO, dice que lo de “sin derecho a indemnización alguna” no puede ser y que tiene que haber para el concesionario una reversión del coste de obras e instalaciones que, como he dicho antes, puede llegar a 600 millones de pesetas.

Toda esta situación, que el parking vuelva al Concello, es necesario, es necesario un nuevo Pliego de Condiciones, como se ha hecho en el punto anterior, sin duda alguna, se ha hecho ya con lo cual las empresas se pueden presentar a ello; a ING, que es quien ahora mismo tiene la sentencia que nos ocupa de 260 millones de pesetas, se le está dando el carácter de privilegiado por su carga hipotecaria, o sea, por ser un hipotecario, y si es así ¿porqué nunca ha hecho el procedimiento de ejecución hipotecaria normal?, ¿porqué ha hecho un procedimiento en el TSJG Contencioso-Administrativo normal paralelo a GGP UNO?, ¿porqué nos plantea un Convenio?; nosotros creemos que debe incorporarse a la masa de la quiebra como un acreedor más y ponerse a la cola como todos los demás. Las concesiones se pueden hipotecar, las plazas de esas concesiones, los bienes, no; situación que se ha producido en este parking; entendemos que nunca llegara su procedimiento de ejecución hipotecaria por esta razón, porque podemos llegar a entender que puede ser nulo de pleno derecho y por eso ha seguido un procedimiento paralelo al de GGP UNO, y el Tribunal lo que le dice a ING es que las responsabilidades hipotecarias máximas son de 271 millones de pesetas; los abogados del Concello (con los que estoy de acuerdo) le dicen cuando le transmiten esto a ustedes, la cantidad de 271 millones que se expresan en el mencionado auto, no es el valor de las obras e instalaciones hipotecadas a favor de ING sino que es la carga hipotecaria máxima a la que tendría derecho ING que pague el Concello. Después, cuando se hace la hipoteca de ING para GGP UNO, hay 3 escrituras del mismo día, las 2 primeras están inscritas en el Registro de la Propiedad; y la tercera no, que es una pignoración de 60 millones de pesetas. Ya dije antes que este proceso jurídico es complejísimo, con muchísimo parón, con muchísimo perjuicio para Baiona, con un bien público que no podemos utilizar ó del que no podemos obtener rendimiento, pero creemos que la situación del otro procedimiento, de los síndicos o de GGP UNO, el 5545, va a seguir adelante; se va a fijar el coste de las instalaciones y de las obras que marcaba aquella sentencia, aquello que quitaron de “sin derecho a indemnización alguna”, y creemos que ING lo que está es aprovechando una posición de fuerza hipotecaria y dándole el privilegio que quizá no tenga y que los Tribunales deberían determinar, y creemos que se debería esperar.

Obviamente el bien público está cubierto con su aprobación anterior, los objetivos que ustedes buscaban de volver a tener un nuevo Pliego de Condiciones con el parking de la Palma, pero creemos que reconocer esta deuda a ING debería ser estudiada y deberíamos esperar a resoluciones judiciales. Por eso proponemos la retirada de este convenio. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vamos a seguir manteniendo a postura do primeiro punto, que van relacionados, e creemos que si o primer punto foi precipitado neste pasa exactamente igual, polo tanto non vamos a facer máis intervencións.

SR.VILAR, CMÑ.- Contestando ó que acaba de decir o portavoz do PSOE, efectivamente este é un tema moi complexo e moi difícil de entender. ING, cando fixera a súa aportación económica, coa autorización incluso do propio Concello, en virtude do Prego de Cláusulas, quedarían perplexos de certas resolucións que se fixeron como é a de que un ben de dominio público integrouse na masa da quiebra; claro, estas situacións que son irregurais cando son analizadas polos letrados, importantes, que os teñen nunha empresa, nunha financeira como é ING, pois quedarían desorientados, e de feito eles teñen que sentirse agora satisfeitos porque ó fin e ó cabo



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

puxeron os cartos para poder facer viable esta obra, de que o Concello retome con responsabilidade a recuperación deste ben de dominio público, e polo tanto creo que ese convenio é positivo para todos, pero se para alguén é positivo é para o Concello de Baiona que atopa en ING un interlocutor conscente de que nós queremos afrontar con seriedade este tema. Todo o que sexa conveniar, e darnos facilidais incluso para facer este desembolso, é positivo, e sobre todo o feito de ter boas relacións con aquela empresa que sí puxo cartos moi importantes para posibilitar esta obra, moito máis.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da petición do PSOE de retirar o presente punto, resultando: votos a favor, 8 (6,PSOE, 2,BNG,); votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ); polo cal rexeitase a petición do PSOE. Iniciase o segundo turno de intervencións.

SR.RODAL, PP.- Simplemente aclarar que aunque la sentencia del TSJG es ejecutiva desde el 24.1.98, ING ha establecido este convenio para que nosotros podamos hacer los pagos a partir de mayo del 2009,; esto demuestra la colaboración que hay entre la empresa ING y el Ayuntamiento de Baiona.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Sus intervenciones hablan del privilegio de ING en esta situación; hablan y apoyan esa situación: “agradecemoslle o prazo”, “agradecemos a sua aportación”, incluso Fernando Alonso que lo patrocina estará encantado.

Espero que cuando todos los procedimientos judiciales rematen, y quizás en otro procedimiento sigan un movimiento jurídico más acertado del que hicieron (ING lo hizo muy bien) pues igual luego tenemos que agradecerle a los otros acreedores tamén los nuevos prazos que hai que pagarle, eso es lo que nosotros planteamos, que puede existir esa situación. Puede existir esa situación y puede ser incluso subsidiariamente el Concello de Baiona responsable de esa deuda; que un Tribunal marca ya en 600 millones de pesetas, (interpretativo Sr.Alcalde, no lo interpreto igual que usted, quizá), pero incluso yo, lo que hago, es apoyarme en sus asesores jurídicos para decir eso, en el mismo escrito dice lo que he dicho antes, por lo tanto sus asesores jurídicos del gabinete opinan como yo: que no es el precio de las instalaciones y obras; lo dice; el Tribunal lo dice: “responsabilidades hipotecarias”, y habla de otra situación; vemos que puede llegar a ocurrir, nos tememos que lo que pueda llegar a ocurrir, es que pueda existir una responsabilidad posterior del precio que sea, no me atrevo a decir de 200 ó de 500 millones, sino que pueda existir.

Por eso pedíamos antes la retirada del punto: porque quizá los procedimientos no han rematado, ¿cuando se produce la reactivación de este procedimiento?, cuando el Concello de Baiona empieza a reactivar el procedimiento vía Pleno, entonces tanto ING como la otra parte hacen los incidentes de ejecuciones de la Sentencia; uno, ya ha acabado, ya existe lo del Tribunal; el otro no, el otro formalmente se ha desestimado y por lo tanto puede seguir, y me imagino que seguirá.

Unicamente explicar la posición do PSOE de prudencia e responsabilidade; entendemos y felicitamos el trabajo arduo de toda esta situación, muchas veces interpretativo, pero creemos que por esa situación, por las dudas que hay porque incluso sus gabinetes hablan de otras situaciones jurídicas, pues que debería no llevarse a cabo; aparte de las dudas que conlleva el pago de la deuda como acreedor hipotecario a ING, porque ya es curioso que no se haya hecho con anterioridad, y ya es curioso que tampoco lo haga ahora, aparte de las irregularidades que se produjeron con esa hipoteca, con hipotecar plazas de inmuebles de unha concesión y no la propia concesión; hay demasiadas situaciones que hacen dudar de poder llevar a cabo una decisión



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

acertada, y obviamente 200 millones de pesetas a ING pues es una barbaridad de dinero con respecto al Concello de Baiona de solo 1 año; por lo cual estudiarlo, aplazarlo, pedirle nuevos plazos a ING y ya firmaríamos el Convenio, quizás sea lo mejor; esperar a ver como reacciona la otra parte, jurídicamente, por si acaso; es una cuestión de prudencia y de responsabilidad en esta situación con falta de datos, con falta de información, y con situaciones jurídicas muy complejas, donde tomar una decisión acertada es complicadísimo, pero es que como responsables políticos de 260 millones de pesetas deberíamos al menos aplazarlo por si acaso, por si acaso.

La sentencia anterior, si es un acreedor privilegiado, hipotecario, ya estaría pagado, curiosamente no está ¿porqué?, ¿porqué cuando ING tiene (como decía el Sr.Vilar) un gabinete jurídico mundial?, será pecata minuta para ellos, y para nosotros una barbaridad; ya existe el incidente de ejecución de sentencia, ¿porqué no lo han hecho?; ¿porqué han desistido una ejecución hipotecaria?, porque igual se la tumban, y ¿porqué ofrecen un convenio?, porque: “vamos a cobrar, por lo menos lo aseguramos en 4 años”.

SR.ALCALDE.- Facer unhas puntualizacións ó Sr.Estévez: fala tan cheo de razón que creo que non leíu o resumen que se lle fixo; mire, o Concello de Baiona non reactivou nada, nada de nada; o Concello, e o equipo de goberno, dixo “non somos unha avestruz”, aquí hai un problema e hai que afrontálo; si alguén que está gobernando ten medo a tomar unha decisión porque igual pasa algo, é mellor que se vaia para casa, porque se fora así non se tomaría unha decisión na vida. O Concello non predeu o fogo neste tema porque en data 14.10.99 “Dna.Maria del Pilar Castro Rey, en representación de ING, insta al Juzgado contencioso-administrativo del TSJG, incidente de ejecución de sentencia”, en el año 99 instó la ejecución; y en fecha 24.1.08, ayer, la sala de lo contencioso-administrativo, Sección 2 del Tribunal Superior, emite fallo por lo que acuerda.., es decir, 9 años despues es cuando ocurre ésto, no porque estemos nosotros ni porque hayamos tomado decisiones, la decisión la tenía el Tribunal y tardó lo que tardó, y nosotros como gobernantes tenemos que ponernos al frente y tomar decisiones, y lo que no es de recibo es que la oposición parece decir (aunque despues no lo dice, con explicaciones de voto) que el problema es que el Ayuntamiento desde el año 95 dejó gestionar un parking municipal sin tener el título para hacerlo; ese es el problema; y lo fácil, lo cómodo, es no hacer nada; como decían ustedes: “ante la duda, que pase”; mire Sr.Estévez, la seguridad no se la va a dar ni una semana ni 3 meses, la seguridad es tratar de poner los medios para conseguir un fin, y hasta ahora el Concello de Baiona ha ido ganando todo y lo que ING consiguió del TSJG es esa cantidad, muy inferior a lo que pedía (ING pedía al Concello de Baiona 600 millones) y solo obtiene lo que obtiene, y lo hace de forma directa, podía obligar al Ayuntamiento a pagar, y se llega a un acuerdo que es este Convenio donde da un márgen de empezar a pagar en el 2009 y 4 años por delante; podía instar a pagar ya esa cantidad pero evidentemente se llega a un acuerdo; ¿qué ING es una importante entidad financiera?, bueno, tampoco va a tener ningún problema y esperar 4 años, bien, pero hay algo que es un acuerdo entre partes, y lo lógico es que el Ayuntamiento defienda primero parar cuanto antes la sangría que dijo el Sr.Fernández en el punto anterior del tema de intereses, años y años de intereses, eso lo hemos conseguido, y hacer la gestión de forma indirecta; por cierto, Sr.Fernández, dijo usted antes que este grupo de goberno no tiene ilusión ni orientación ni nada, el Alcalde, y el Vice-Alcalde de Vigo, están sacando gestión a empresa privada de aparcamiento tras aparcamiento, se lo recuerdo, y no se si tienen ilusión Abel Caballero ó el Vice-Alcalde, pero yo creo que es una forma de gestión que realiza todo el mundo civilizado, quiero decir que no es el Sr.Caballero el culpable, es un tema general de gestión; bueno, y también el Sr.Vice-Alcalde; es un tema de responsabilidad y de tomar acción para evitar que esto vaya creciendo y que no hagamos dejación de funciones; de eso es de lo que se trata.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Creo que el Convenio favorece al Concello de Baiona, pero también recuerdo que el Concello no es el responsable de lo que ha pasado en el aparcamiento de la Palma, ahí hay unos responsables directos y el Concello de Baiona es un acreedor de la masa de la quiebra y es una víctima de una gestión, y esa gestión la van a analizar los Tribunales, todo lo que ha pasado ahí, si la quiebra fué correcta ó no fué correcta, si desapareció dinero ó no, todo eso está ahí, pero el Concello no es el responsable; hay unos señores responsables; y eso es lo que vamos a instar, a partir del lúnes el Concello de Baiona va a instar a la ejecución de sentencia, para que se diga lo que tiene que poner cada uno, y el Concello tiene que cobrar como acreedor que es, y va a hacerlo. ¿Qué pasa?, pues que la ejecución de sentencia de ING tardó 9 años, nosotros no podemos esperar 9 años a una nueva concesión, y no vamos a esperar, lógicamente vamos a actuar con todos los medios que tenemos que son los legales, ni más ni menos; pero desde el punto de vista que el Ayuntamiento de Baiona no es el responsable, es una víctima más y es un acreedor más y ejerceremos también las acciones que tengamos que ejercer, pero eso es “además de..”, esto es una parte muy importante; y el trabajo que se ha hecho desde el mes de julio, tomar la gestión, sacar una gestión indirecta provisional para estudiar todo lo que hay que estudiar el tema de obras, todo el tema del estudio económico-financiero, de verdad que hace que esté orgulloso tanto del equipo de gobierno como del equipo técnico que ha realizado este trabajo en tal poco tiempo, creo que desde luego a alguien habrá que ponerle en el Concello de Baiona una calle cuando se vea esto con un poco de visión, no al Alcalde, pero a otras personas sí, la historia lo dirá.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vostede fixo unhas afirmacións que non son del todo correctas, vostede dí que cambiamos o voto, nós non manifestamos o voto ó principio.

SR.ALCALDE.- Eu dixen que había xente que cambiaba o voto pero non dixen que fora vostede; non entre vostede en alusións porque eu non o nomeei para nada.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Si que me nomeou decindo que habíamos cambiado o voto, e nós non cambiamos o voto, simplemente fixemos unha explicación por un motivo: porque debido a que non se retiraba a Moción da orde do Día pois consideramos que non era apropiado polos tempos, pola precipitación.

Eu agora me plantexo unha pregunta, vostede na súa intervención dixo que onte chegou aquí unha Sentenza, de que durou non sei cantos anos; ¿vostede sabía que ía chegar onte?, porque vostede a decisión xa a tiña tomada; ¿e si chega a chegar o lúns?, ¿tomaría vostede a mesma decisión?, porque iso ten que repercutir en algo, evidentemente. Nada máis.

SR.ALCALDE.- As sentenzas están para analizálas, e si alguén se considera perxudicado pode recurrílas; pero iso non ten nada que ver, a sentenza que chegou antes de onte, ou onte, non é ista, estamos falando doutro tema. Non se lie, Sr.Fernández, ante calquer procedemento, o equipo técnico ou a dirección dunha empresa, ou aquí no caso do grupo de goberno, analiza todo e se busca unha estratexia, e se vai por onde cree que se ten que ir; esa estratexia pode ser respaldada por un Tribunal ou non, pero hai diferentes Tribunais para poder apelar si se considera que a sentenza non é a correcta; ata agora as sentencias van na liña que se fixo e se estableceu, polo tanto as sentenzas non deberían cambiar; pero aquí nadie ve futuro, será o Xulgado quen teña a última palabra, temos que esperar, non o pode decir nin quen fala no periódico nin quen fala nun Pleno; nós confiamos en que ésta é unha boa liña e polo tanto vamos a seguila.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), fronte a 8 votos en contra (6,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

APROBAR o convenio entre o CONCELLO DE BAIONA E ING LEASE (España) E.F.C. S.A. para o cumprimento da sentenza nº 1085/97 de 21 de outubro de 1997, segundo auto de execución de sentenza de data 24 de xaneiro de 2008 derivada da resolución do contrato de concesión administrativa coa empresa G.G.P. UNO segundo acordo plenario de 14/07/1995”

5.- APROBACION PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL Nº 5 DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANA DO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Concelleira de Urbanismo, Dna. Ana Simons, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Resultando que o pleno da Corporación en sesión de data 11 de xullo de 2008 adoptou o seguinte acordo “*PRIMEIRO.- Aprobación inicial da modificación número 5 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Baiona.*

SEGUNDO.- Someter o expediente á exposición pública polo prazo dun mes a través de inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na provincia.

TERCEIRO.- Dar audiencia ós Concellos limítrofes.

CUARTO.- Remitir o expediente ás administracións públicas competentes ó fin de recabar os informes sectoriais oportunos.”

Considerando que o anuncio do acordo adoptado publicouse no DOG nº141 de data 22 de xullo de 2008 e no diario Atlántico de data 23 de xullo de 2008 e Faro de Vigo de data 22 de xullo de 2008. Igualmente o acordo remitiuse ós concellos limítrofes e a Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Servicio de Costas en Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente.

Resultando que durante o período de exposición ó público non se presentou ningunha alegación a modificación número 5 do Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Resultando que o órgano competente para a aprobación é ó pleno da corporación a aprobación inicial del planeamiento general segundo o disposto no artigo 22.c LRBL requirindo a maioría absoluta do número legal de membros conforme o disposto no artigo 47.II) da devandita lei



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Vistos o informe sectorial e vistos os informes técnico e xurídico obrante no expediente propoño ós membros do pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN PROVISIONAL da MODIFICACIÓN NÚMERO 5 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DO CONCELLO DE BAIONA.

SEGUNDO.- Remitir o expediente debidamente dilixenciado ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para súa aprobación definitiva.

SR.LORES, PSOE.- O grupo socialista está totalmente a favor; o noso voto é favorable.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade de todos os presentes

E polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- APROBAR PROVISIONALMENTE A MODIFICACION PUNTUAL Nº 5 DO PLAN XERAL DE ORDENACION URBANA DO CONCELLO DE BAIONA.

SEGUNDO.- Remitir o expediente debidamente dilixenciado ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para súa aprobación definitiva.

6.- MOCION PARA A ADOPCION DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PUBLICO NAS CORPORACIONS LOCAIS.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, quen procede á lectura da seguinte:

MOCIÓN PARA A ADOPCION DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PUBLICO NAS CORPORACIONS LOCAIS

Os Grupos Municipais do Partido Popular e Coalición Miñorana, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

Exposición de Motivos

Galicia padece unha situación de crise económica caracterizada por unha caída moi rápida do crecemento económico. En só 9 meses pasamos de crecer cerca dun 4% á practicamente a metade: o 2,4%.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Ao frearse a actividade económica aumentan o número de despedidos e diminúen as contratacións. A maior perda de benestar para as familias provén da perda dun soldo, que en ningún caso se compensa co seguro de desemprego. E nestes últimos 12 meses en Galicia o número de parados aumentou en case 13.000 persoas.

Asimesmo, a calidade de vida de moitas familias galegas empeorou considerablemente nos últimos anos, debido á suba -case continua desde finais de 2005- dos tipos de interese das hipotecas, a suba dos alimentos de primeira necesidade, e doutros productos básicos como a electricidade ou o petróleo.

Ante esta situación de crise económica, as entidades locais, como administración máis cercana ó cidadán, non poden recortar os gastos sociais, pero si poden aplicar medidas de aforro e austeridade no partidas orzamentarias relativas aos soldos e dietas dos cargos públicos, aos gastos correntes, así como axustar e revisar a oportunidade das liñas de subvención aprobadas nestes últimos anos.

Por todo isto, os grupos Popular e CMÑ do Concello de Baiona presentan para a súa aprobación polo Pleno, o seguinte ACORDO:

Na elaboración do proxecto de Orzamentos para a exercicio 2009 se cumpriran os seguintes criterios:

- 1. Conxelación de todos os soldos dos cargos públicos, alcaldes, concelleiros e asesores. Asimesmo, conxelación das retribucións en concepto de dietas e asistencias a órganos colexiados, así como das asignacións para o funcionamento dos grupos municipais.**
- 2. Redución dos gastos de protocolo e representación.**
- 3. Elaboración dun *Plan de Axuste do Gasto Corrente*, co obxectivo de, cando menos, conxelar o importe destes capítulos e co horizonte desexable de acadar ata o 10% de aforro, para elo se fará un especial fincapé na redución dos gastos de materiais, subministrados, consumibles, etc...**
- 4. Presupuestación dos ingresos baixo os criterios de máximo rigor e prudencia, realizando un seguimento constante da súa evolución ao longo do exercicio, para poder adaptar as previsións á realidade de xeito permanente. O presuposto de gastos non medrará por riba do incremento que rexistre o PIB nominal. En todo caso, calquera variación das previsións dos ingresos esixirá a inmediata adopción dos correspondentes axustes no orzamentos de gastos.**
- 5. Revisión da necesidade e oportunidade das liñas de subvención previstas, realizando os axustes que sexan viables. En ningún caso se recortarán subvencións de carácter social nin aquelas que incentiven de xeito directo a actividade económica. Nos restantes casos, conxelarase o importe das subvencións de gasto corrente ou, no seu defecto,**



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

minoraranse na mesma porcentaxe na que teñan diminuído os ingresos correntes cos que éstas se poidan estar financiando.

6. Non se recurrarán, en ningún caso, as partidas orzamentarias destinadas a atender gastos sociais básicos.

CONTINUA.- Es necesario asumir la crisis económica que estamos padeciendo desde hace meses, y que ha sido reconocida, finalmente, a nivel político, es necesario asumir la misma desde todos los frentes con los medios de que disponemos y sin que afecte a la calidad del servicio a nuestros ciudadanos ni a los Servicios Sociales básicos, realizando un esfuerzo entre nosotros y apostando por el perfecto funcionamiento de esta Administración con una gestión más ahorrativa en nuestros servicios, que siempre ha sido el propósito de este gobierno (recordarles a todos que nuestra deuda vida no llega actualmente al 17%), todo ello sin que afecte al funcionamiento diario de la vida de nuestro Municipio. Desde el PP de Baiona creemos que es un deber de todos, tanto del equipo de gobierno como de la oposición, como Administración más cercana al ciudadano, los que primeramente tenemos que tomar medidas de ahorro y austeridad tanto en la congelación salarial de los cargos públicos, así como en las dietas y asignaciones para el funcionamiento de los grupos políticos municipales, el ahorro en gastos de protocolo y representación, ahorro en ajustes del gasto corriente, y el máximo rigor en la elaboración de los próximos presupuestos municipales del 2009.

SR.LORES, PSOE.- Dende o grupo socialista facer unha aclaración, cando se aprobaron os Orzamentos nós xa falamos do recorte no gasto corrente e o Sr.Alcalde ofreceulle ó compañeiro Rafael Estévez a Concellalía de Facenda, daquela por unha aportación deste tipo. En principio nós entendemos que este é un xesto, que non ten máis consecuencias, non hai por parte do goberno municipal ningunha iniciativa activa para procurar paliar a situación e os problemas económicos que estamos a sufrir concretamente agora aquí en Baiona; entendemos que isto é simplemente un xesto, unha Moción cara á galería sen ningún tipo de consecuencias, e incluso cando se fala de non recortes nas partidas sociais nós entendemos que non soamente non tiña que haber recortes nas partidas que afectan a persoas que están nunha situación menos favorecida senón ao mellor habería incluso que aumentálas; queremos propoñer que se aumenten as medidas nas partidas sociais e incluso con algún tipo de iniciativa como se está facendo nalgúns Concellos creando unha especie de Caixa para dar anticipos ós cidadáns; non sabemos se aquí iso sería posible, pero polo menos deberíamos estudiálo con certa profundidade.

Outra cousa que tamén botamos en falta é algún tipo de iniciativa que revitalice a vida económica e social do noso Concello porque estamos a sufrir, e pronto o veremos, situacións complicadas a nivel incluso empresarial, e por parte do Concello non se está tomando ningunha medida, non hai ningunha iniciativa, non vemos que haxa nada de nada que dunha forma activa e positiva se esté a propór dende o Concello. Os recortes están ben pero habería que ter algún tipo de inversión para que a vida do noso Concello tivese máis dinamismo económico porque según os datos que temos ésta foi unha das peores temporadas dende fai moitos anos da Vila de Baiona.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Outro aspecto que tamén se debería estudar é todo o referente ás vivendas sociais, xa que a Deputación está facendo tanta propaganda de que Baiona, Gondomar e Nigrán son Concellos emerxentes, que efectivamente sí o son, pero hai un dato que non se está decindo que é que o porcentaxe dos nados en Baiona que sigan vivendo en Baiona nos últimos 10 anos creo que é un 12 ou un 13% menos, iso quere decir que hai aumento de poboación, pero aumento de poboación de fora; iso quere decir que os nosos fillos non están en condicións de poder quedar en Baiona; polo tanto entendemos que este tipo de cousas tamén hai que estudiálas. O PSOE anuncia que vai a votar a favor desta moción, deste xesto, pero o que sí solicitamos é que dende o equipo de goberno se busquen medidas máis activas que axuden a paliar un pouquiño esta situación económica desfavorable.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Este é un graniño de area en toda a praia, Sr.Alcalde, un xesto de marketing perfecto, e vamos a porllo na Ladeira que é máis grande e ademáis a area é máis branca, non vamos a por aínda por enriba area negra, a area branca me gusta máis que a area negra. En todo caso nos parece moi ben este xesto aínda que sexa un xesto de markentig ó máis puro estilo yanqui, pero lle vou a dar un par de recomendacións: deixen de privatizar porque privatizar significa encarecer os servizos, e encarecer os servizos significa repercutor na economía de todos os baioneses e baionesas. Unha segunda recomendación: en época de crise, como estamos agora, deben vostedes, para reducir gastos, facer un breve estudio con persoal propio, da utilización do alumeado público nas parroquias e en todo o Concello de Baiona, porque é un auténtico despropósito que na Parroquia de Sabarís, no barrio de Morade, haxa unha liña enteira de alumeado público nun camiño que vai ó monte, eu non sei si os veciños de Morade agora van polas noites ás piñas ou á madeira ó monte ou a coller simplemente cogumelos, en todo caso é un auténtico despropósito esa liña (que non sei a qué viu montála, me imaxino a petición de quen), no sei a conta de que se fai esta liña de alumeado por un camiño que non é transitado por ninguén e que non leva a ningunha parte, leva ó monte; por tanto, Sr.Alcalde, non pague os favores políticos co diñeiro municipal porque de verdade que a economía do Concello e a dos veciños de Baiona non pode soportar esos caprichos; son caprichos infantís de pago de favores políticos. Nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Temos aquí presentado mocións políticas, por todas as bandas, sobre todo os grandes partidos, o PSOE, ou o PP, cando chegan as eleccións, pero estamos nun momento de gran seriedade pola cuestión económica e creo que as Corporacións temos a obriga de tomar conciencia do que está pasando e do que pode pasar, e sí creo que somos un grano de area, pero cando ese grano de area son todas as Corporacións de España iso tense que notar. Parece que quizás todos, por autodefensa, queremos ignorar o que está pasando na nosa zona, pero evidentemente hai unha crise económica a nivel xeral e que afecta fundamentalmente a España, porque non é a mesma a crise que está vivindo Francia (por falar dun país que está perto de nós) que a de España; en Francia non teñen problema de enerxía, e nós apostamos aquí por unha enerxía cara, unha enerxía dependente exclusivamente do petróleo, que nos está a pasar agora factura; aparte de iso somos un país cunha baixa produtividade (isto non o digo eu, o dicen os economistas), somos un país cunha deficiencia grande no que é a balanza comercial e que non creemos na nosa propia economía, a proba está que o propio capital español invirte moito máis fora que en España. Todos estes problemas, lóxicamente, os ten que resolver o Goberno do Estado, e supoño que nestes intres se tomarán medidas de cara ó futuro, e non o digo por nós, o digo polo futuro dos nosos fillos porque tal e como está a situación a cousa está complicada, e non son problemas do PP,



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

posiblemente digo o que dixo o Sr. Almunia de que cando un país chega a unha taxa de paro do 16% se fai insoportable para a propia economía dun país; esa situación, que agora estamos no 11%, que este mes de agosto creceu a 95.000 parados, é algo espectacular, e si se chega a un 16% de paro o país non o resistirá; estamos nunha situación na que incluso se está falando da garantía que teñen os aforradores para poder recuperar os aforros que teñen invertidos nas entidades bancarias, creo que é unha situación gravísima que nunca ocorreu na historia e moito menos na historia deste país.

Aquí moi ben decían “traduzcan a crise á nosa localidade, a Baiona”, porque a situación de Baiona, non sei si se dan conta, é unha situación dantesca; en primer lugar se nos está boicoteando o planeamento urbanístico; Baiona ten unha proposta á que a Xunta de Galicia non da resposta nin contestación a ese planeamento; nós queremos crecer ordeadamente, e sabemos a gran dependencia que ten Baiona do sector da construción, e para crecer ordeadamente hai que ter un Plan de Ordenación, para ter un Plan aprobado ten que haber vontade política de que as partes implicadas llo aproben. Nós fixemos os deberes, presentamos unha proposta á Xunta, e a Xunta de Galicia non fixo os deberes contestándonos, polo menos contestándonos, incluso recortando onde haxa que recortar, pero polo menos para que Baiona teña un planeamento, e sí se poden dar respostas; somos o único Concello do Val Miñor que fixemos demanda de vivendas de protección; estas vivendas teñen que vir froito dun planeamento e dunha ordenación xeral de todo o noso territorio, para poder facer vivendas de protección en Baiona, en Sabarís, posiblemente en Baredo, ao largo de todo o territorio, e non crear guetos como se pretendían crear na Consellería de Vivenda saltándose todo o planeamento, ir a un plan supramunicipal, e acotar un territorio nunha determinada parroquia para vivendas, isto clama ó ceo, isto non se pode facer porque incluso poría en entredito a seguridade xurídica dos propietarios de terreos que se verían dalgún xeito expropiados e expoliados pola propia Administración cando o que realmente queremos aquí é crecer con planeamento urbanístico.

Algúns portavoces están reíndose do que estou decindo pero isto é moito máis grave do que parece; Baiona está padecendo nestes momentos un gran recorte no sector primario da pesca; hoxe en día a pesca do atún, que era en gran medida a que absorvía á nosa man de obra no sector primario, non está absorvendo a casi nadie porque as grandes empresas atuneras que fanen no Índico, ou en África, collen a traballadores propios da zona, entre outras cousas porque son moito máis baratos. Tamén a crise do sector do automóvil nos afecta directamente, non olvidemos o que está pasando en CITROEN, que xa non lles están renovando ós traballadores do turno de noite e se vai a eliminar un turno, porque non hai saída de vehículos; estamos ante unha situación gravísima e que aínda non tocou fondo, si os políticos non nos percatamos de iso mal nos vai, e a veces por facer guerra política se nos boicotea un plan xeral porque nós estamos agora aquí pero ao mellor dentro de 3 anos non está aquí ningún de nós, flaco favor lle fixemos a Baiona; creo que en política hai que tomar decisións firmes e non permitir que lle fagan iso Baiona.

Entendo que esta é unha moción moi responsable e que se quedou corta en argumentos, si esta moción que firmamos fai 15 días a tivesemos que firmar hoxe posiblemente foxe moito máis dura e moito máis contundente. Nós creemos que hai que aprobala, creemos que hai que tomar medidas contra a crise, e creemos que hai que exixirlle a quen hai que exixirlle (senón llo van a facer os electores proximamente) que tomen medidas do que está pasando na economía española, de Galicia, e fundamentalmente na economía da nosa zona. E lles poño un exemplo: o outro día sacamos 5 plazas para operarios de Vías e Obras no Concello, normalmente se presentaban 10 ou 11 persoas como moito, pois se presentaron 50; 50 persoas para 5 plazas;



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

por isto debemos tomar conciencia do que está pasando, isto é moito máis grave, moitísimo máis serio do que nós creemos.

Sra. Ana, non o tome a cachondeo, e vostedes que teñen responsabilidade de goberno na Xunta, tomen conciencia, tomen conciencia de que os problemas se resolven con estas medidas e non facendo outras reivindicacións que agora ó mellor teñen que quedar en segundo término; agora hai que ir a este tema tan importante como é a crise económica, e todo o que se faga hai que facélo con seriedade e temos que ser unha piña porque a situación que se avicina, especialmente para un pobo como Baiona, pode ser angustiada nun futuro próximo. Moitas grazas.

SR. RODAL, PP.- Claro que los políticos somos los primeros que tenemos que dar ejemplo y aquí todas las Concejalías asumen la crisis, venga de donde venga, y somos conscientes de ello; en la Concejalía que me atañe, en Turismo (y la señora Rodríguez lo puede constatar, y desde aquí le doy las gracias por el apoyo que nos están dando) estamos trabajando con paquetes turísticos; pienso que es una iniciativa muy importante para desestacionalizar el turismo en Baiona, es una medida muy importante por la que apostamos muy fuerte para que realmente podamos sufragar, aparte de desastacionalizar, toda esta crisis que estamos sufriendo ahora mismo.

Como decía el Sr. Fernández que esta moción es marketing, decirle que por ejemplo en Allariz que como usted sabrá está gobernando el BNG, pues no la apoyaron, era una propuesta del PSOE y del PP y no la aprobaron. Nosotros seguiremos luchando y bajando la deuda del Ayuntamiento pero siempre dando los servicios, no como otros Concellos muy cercanos a nosotros que sacan sus carreras pedestres del calendario, la iluminación nocturna de las parroquias (algo para nosotros importantísimo, que sí tengan alumbrado todo el año) y también seguimos sin tomar medidas como por ejemplo con la comida anual con nuestros mayores, los ciudadanos no tienen porque pagar la crisis; el equipo de gobierno, lo que tenemos que hacer es gobernar.

SR. LORES, PSOE.- Sr. Rodal, nós o que estamos pedindo é iso: que gobernen; que non fagan simplemente xestos deste tipo. Sr. Vilar, quero recordarlle que aquí o goberno progresista aquí deixou unha parcela nos Tendais para construír vivendas sociais e iso está agora ahí aterrado para que nin siquiera se poida utilizar como aparcamento, eu non sei que quere dicir vostede con que se está paralizándose nada; aquí o que ten que facer o goberno local é tomar medidas de ámbito local e dar solucións de ámbito local; Baiona deixou de estar ata nin nos periódicos, Baiona está morta, está paralizada, e o que estamos pedindo é xustamente iso: que a reactiven.

Este tipo de xestos, vale, pero incluso poderían prescindir dalgún asesor, tamén sería outro xesto.

SR. FERNANDEZ, BNG.- Sr. Vilar, pensei que o Alcalde lle ía pedir que se axustara á Orde do día porque a verdade é que subiu a latitudes insospechadas. Vostedes seguen achacando, e é certo que o plan xeral está paralizado na Xunta, que ten unha responsabilidade a Consellería de COPTOPV de contestar, é certo, eu estou con vostede, e esperemos que dunha vez por todas nos contesten, pero non se lle pode achacar a Xunta a que paralicen, supostamente, esas contestacións, para poder facer vivendas de protección neste Concello, como decía o compañeiro Lores teñen vostedes unha parcela nos Tendais que a Conselleira dixo que si a poñan a disposición da Consellería para a xente menos favorecida de Baiona se construíran



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

inmediatamente vivendas de promoción autonómica, non de protección, de promoción, ou sexa, as construíría a propia Consellería.

SR.ALCALDE.- Na miña vida falou a Conselleira de Vivenda conmigo nin me remitíu ningún escrito; nin se puxo en contacto nin telefónico, nin oral, nin por escrito, co Concello de Baiona.

SR.FERNANDEZ, BNG.- ¿Ese é o problema de non facer as vivendas nos Tendais?, ¿solicitamos unha entrevista coa Consellería?, si o problema é ese, o lúns o resolvemos; eu o acompañe persoalmente á xuntanza coa Conselleira de Vivenda; foi onte xunto á Conselleira de Cultura, para a semana que ven xunto á de Vivenda (por certo, o Sr.Alcalde non nos informa e temos que enterarnos pola prensa). Vamos a ter esa xuntanza para que a parcela dos Tendais sexa para facer vivendas de promoción autonómica; fago eu a solicitude da entrevista, a ver se vostede me contesta e me da unha satisfacción e unha alegría (por certo, aquí hai máis maleducados, non é Ana soamente); en todo caso non pode decir que por culpa da Consellería non se fan vivendas de promoción porque resulta que agora sí temos unha concelleira que quere facélas, de protección e de promoción, o que pide é terreo; pero é que vostedes dan un discurso un día, e fan outra cousa ó día seguinte; fai uns días, na páxina web sae a concurso público unha parcela que venden vostedes no Loureiral; polo tanto, xa que teñen tanto entusiasmo en facer vivendas de protección ou promoción autonómica, poñan esa parcela tamén a disposición da Consellería de Vivenda, porque nós quixemos facélo e non tiñamos oportunidade porque a anterior Xunta non estaba nesa disposición. Xa sei que lle rompín os esquemas agora, Sr.Alcalde; e que a anterior Consellería era como senón existira, co Partido Popular foi como senón existira; iso sí, subvencionaba chalets de 80 millóns de pesetas, iso sí.

Sr.Vilar, vostede nomeou aquí ós mariñeiros; os mariñeiros quixeron facer unha nave en Baiona para elaborar o percebe, e non poideron, porque non hai polígono industrial, nin desenrolado; o que había era un puro trámite e vostede non tivo intención nunca de desenrolalo, e non o fixo; a proba está ahí. Agora, no avance do Plan Xeral fan o mesmo, Baiona de cara ó turismo, única e exclusivamente; campos de golf, hoteis, pero un polígono xeral para xerar traballo neste Concello e que os nosos veciños e veciñas e os nosos fillos e fillas non teñan que ir a Vigo a traballar, centralizar os talleres de carpinterías, de coches, iso non interesa; o único que fixo este goberno municipal polos mariñeiros de Baiona foi darlles unha subvención para arreglar o manto da Virxe do Carme, pois que lle recen os que sexan creíntes porque de vostedes non poden esperar máis que iso.

Vostede tamén dixo que os cidadáns non tiñan que pagar máis as consecuencias da crise, pois é o que lle queda, aínda non vín unha proposta de alguén que en realidade solucionara os problemas da xente de a pé, de todos nós; eu me considero unha persoa de a pé como os considero a todos vostedes, e non hai unha medida que se tomara aínda que de verdade fora aplicable a cada ún de nós; cada vez suben máis as cousas e o “paganini” é o veciño de a pé, os que temos unhas nóminas e vivimos dun salario; proba delo é que o servizo da recollida do punto limpo cando vostedes o privatizaron subiu case ó dobre, e como iso todos os impostos que subiron vostedes; non os suben cando hai eleccións, porque non interesa, pero agora hai que subir todos os anos o IPC, e é correcto que se suba pero non cando hai unha crise como a de agora tan bestial.

Sr.Rodal, eu non dixen que non se alumearan as parroquias; e o Alcalde é moi dado a terxiversar como cando dí que eu dixen que non se podía facer o saneamento da Granxa porque era moi caro, pero non dixo o resto: que era moi caro co Orzamento que tiñamos



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

naquel intre; non que non houbera que facélo. Non houbo un concellal neste Concello que fixera tantos saneamentos como fixen eu en tan pouco tempo, iso foi verdade, incluso tiñamos que traballar a contrareloxo porque se perdían as subvencións, e vostedes o saben, polo tanto non me falen a mín das Parroquias. E as parroquias efectivamente que teñen que estar iluminadas pero con racionalidade, non utilicen o diñeiro público para pagar favores políticos porque o tema de Morade ben saben vostedes que é para pagar un favor político, é un despropósito auténtico e un descaro; alí non hai noite.

Unha cuestión que quero que me aclaren, nesta Moción que firman o PP e CMÑ dí no punto 1: *“Conxelación de todos os soldos dos cargos públicos, alcaldes, concelleiros e asesores”*, ¿se refiren ós 2 Alcaldes?, ben, se refire ós dous Alcaldes.

SR.VILAR, CMÑ.- Decírlle ó portavoz do PSOE, con todos os meus respetos, que o goberno progresista non deixou ningunha parcela, esa parcela xa a había cando se aprobou o Plan Parcial dos Tendais, en todo caso lla deixaríamos nós cando aprobamos o Plan e o deixamos perfectamente planificado cunha parcela para campo de fútbol, para un aparcadoiro soterrado, para un Centro de Saude, e unha parcela para equipamento, que é esa famosa parcela. Parcela para equipamento que eu llo digo con total sinceridade, creo que debe ser para un equipamento cultural docente e non para vivendas de protección; en Baiona hai que facer esas vivendas noutras zonas, como xa fixemos en Sabarís, en varios polígonos, no PERI IV e no PERI III; podemos incluso facer máis vivendas noutros PERIS, pero non nesa parcela dos Tendais porque entendemos que un pobo ten que ter calidade de vida e os cidadáns teñen que poder disfrutar dese pobo.

Os veciños de Baiona sí que teñen que intentar vivir aquí, e hoxe en día Baiona é dos poucos sitios que ten un mercado de alquiler, e cada vez máis, con posibilidades para os xoves; calquera pode alquilar unha vivenda e cada vez con máis ventaxas, todos sabemos que unha vivenda improductiva a maioría do ano non lle interesa ós propietarios e todos sabemos que polo verán a xente segue outras vías de aloxamento. No noso programa electoral defendemos que a parcela dos Tendais sexa para equipamento, que non pense nadie que senón se fan alí as vivendas os xoves de Baiona van a quedar tirados nas rúas, non é así.

SR.PRESIDENTE.- Sr.Fernández, traicionoulle o subconscente, dixo o que dixo, e como en Nigrán gobernando o PSOE e o BNG deixaron sen luz ás parroquias, vostede quer empezar por Morade; e non facer Groenlandia en Morade, queremos luz nas parroquias. Como decía ben o Sr.Rodal: na Vila de Allariz votaron en contra; en Pontevedra, Alcalde do BNG, e en Allariz tamén, votaron en contra; dixeron en Pontevedra que os asesores e concelleiros van a subir menos do IPC, pero van a subir, porque o IPC, si esperamos un mes máis vaise ó 5%, entón o 4,99% van a subir en Pontevedra; e o Alcalde do BNG en Allariz dixo que él era tan funcionario como calquera e que él ten que pagar unha hipoteca como calquera e que non o vai a facer; polo tanto esa é a política.

Mire, Sr.Fernández, o que non pode ser é que na Corporación municipal alguén diga “non, é que a conselleira di que en Baiona vai a facer”; eu entendo que si é certo polo menos debería falar co grupo de goberno e decirnos “quero facer isto”; repito que nunca se dirixiu a este Concello. Sen embargo nun blog que non é do BNG, que dí: *“O BNG baionés xa emitíu unha nota de prensa sobre o tema e non lles falta razón nos seus argumentos”*, repito que non é un blog do BNG, é outro, e pon: *“O Sr.Almuiña ben saberá dende a Consellería de Vivenda e Solo que un posible acordo para humanización de Sabarís conlevará a existencia de por a disposición a parcela dos Tendais para facer vivenda protexida. ¿Cál sería entonces a*



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

resposta do Concello?”, ¿cómo, que Sabarís terá humanización se o Concello da un terreo para facer vivendas, ¿isto que é?, isto é fascista, e vostede será capaz de decirlle ós veciños de Sabarís que o Alcalde de Baiona non humaniza porque non quer facer vivendas en Baiona; coidado, este equipo de goberno foi o único do Val Miñor que sacou 2 terreos para vivenda de promoción pública, dous, ¿sabe qué pasa?, é triste decílo, tiña razón o Sr.Lores, que os xoves de Baiona non poden entrar nos terreos que o Concello de Baiona deu para vivendas de protección ¿sabe porqué?, porque eu sí falei co Delegado e dixeron “tedes que cambiar a norma”, a norma non pode ser que se vaia a un listado en toda Galicia e que cada solicitante poida por 4 Concellos, dar máis prioridade á xente de Baiona; eu non digo “non facer vivendas para xente de fora”, coidado, todo o contrario, encantados de que todo o mundo veña a Baiona, pero hai que dar prioridade á xente de Baiona; e non é así, Sr.Lores. Hai 4.000 solicitudes de vivenda protexida para Baiona, e pregunto ó Delegado ¿cántas desas 4.000 son de Baiona?, non chegan a 1.000; isto quer decir que se hai un sorteo, como é o único que hai neste momento, hai un sorteo no que entra a xente de Baiona de 4.000 persoas cando son menos de 1.000 os que son de aquí.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Agora mesma se está executando unha obra de vivendas de protección oficial, autonómicas; ben, xa teñen propietario, ¿cántos non son de Baiona?, esa fórmula se utilizou e se pode seguir utilizando porque está dentro da lei. Todos os veciños que están nese edificio son veciños e veciñas de Baiona, e todos tiveron a oportunidade de sélo, e o que non foi foi porque non quixo, e vostede sabe que é así; a cooperativa funciona perfectamente e deu unha opción máis a facer as cousas e ademáis a facélas ben.

SR.PRESIDENTE.- Sr.Fernández, a cooperativa, neste caso, anotou a un grupo de xente; non é verdade que os propietarios desas vivendas sexan xente de Baiona, unha parte sí e outra non, e moita xente víu aquí ó Concello a decir que él quería meterse na cooperativa, e como foron os primeiros non hai máis; e todo iso ten que ir a un Concurso público e pode gañar a cooperativa ou non, ¿ou quer que apañemos para que gañe unha cooperativa como pasou en Navia?; que outros Concellos poñan vivenda tamén de protección autonómica, e Baiona seguirá pondo como ata agora, pero o que queremos é que haxa un cambio; que ese sorteo, que me parece moi ben, de opción primeiro aos de Baiona, e se sobran vivendas de protección (porque o que dí Manolo Vilar é así) posto que no Plan Xeral temos 4.000 vivendas de protección, se sobran vivendas, é decir, se os 1.000 de Baiona quedan cubertos os demais quedarán para xente de fora; eu encantado, pero que se de prioridade á xente de Baiona, e para iso ten que cambiar a normativa, e senón non será posible; e coidado, hai outro problema adicional co efecto da crise, que pasou en Tui o outro día: xente que tiña adxudicada a vivenda non pudo pagar e tivo que deixála, 3 de 19.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

E polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:

- ADOPTAR MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PUBLICO NO CONCELLO DE BAIONA, co cumprimento dos seguintes criterios na elaboración do proxecto de Orzamentos para a exercicio 2009:



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

1. Conxelación de todos os soldos dos cargos públicos, alcaldes, concelleiros e asesores. Asimismo, conxelación das retribucións en concepto de dietas e asistencias a órganos colexiados, así como das asignacións para o funcionamento dos grupos municipais.
2. Reducción dos gastos de protocolo e representación.
3. Elaboración dun *Plan de Axuste do Gasto Corrente*, co obxectivo de, cando menos, conxelar o importe destes capítulos e co horizonte desexable de acadar ata o 10% de aforro, para elo se fará un especial fincapé na redución dos gastos de materiais, subministrados, consumibles, etc...
4. Presupuestación dos ingresos baixo os criterios de máximo rigor e prudencia, realizando un seguimento constante da súa evolución ao longo do exercicio, para poder adaptar as previsións á realidade de xeito permanente. O presuposto de gastos non medrará por riba do incremento que rexistre o PIB nominal. En todo caso, calquera variación das previsións dos ingresos esixirá a inmediata adopción dos correspondentes axustes no orzamentos de gastos.
5. Revisión da necesidade e oportunidade das liñas de subvención previstas, realizando os axustes que sexan viables. En ningún caso se recortarán subvencións de carácter social nin aquelas que incentiven de xeito directo a actividade económica. Nos restantes casos, conxelarase o importe das subvencións de gasto corrente ou, no seu defecto, minoraranse na mesma porcentaxe na que teñan diminuído os ingresos correntes cos que éstas se poidan estar financiando.
6. Non se recurrarán, en ningún caso, as partidas orzamentarias destinadas a atender gastos sociais básicos.

(Sendo as 14,45 horas, abandoa o salón o Sr.Estévez, PSOE).

7.- MOCION PARA SOLICITAR AO GOBERNO A REFORMA URGENTE DA FINANCIACION LOCAL.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, quen da conta da seguinte:

MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO A REFORMA URGENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL

O Grupos Municipais do Partido Popular e Coalición Miñorana, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Exposición de Motivos

A crise económica que padecemos, e cuías manifestacións e consecuencias se amosan día a día, están a agravar aínda máis a sempre delicada situación das Facendas Locais.

A pesar de dispoñer de menos do 14% dos recursos públicos, os Concellos non teñen deixado en ningún momento, durante todos estes anos, de atender as demandas que os veciños lles viñan facendo, como administración que sinten máis cercana. Sería imposible imaxinar a Galicia sen o papel vertebrador, de cohesión e de atención ós cidadáns desenvolvido polos 315 Concellos galegos.

Pero agora a situación tornase crítica: a diminución da actividade urbanística en Galicia, que xa neste ano se sitúa no 35%, vai provocar que no 2008 os Concellos galegos deixen de percibir, cando menos, 20 millóns de Euros dunha fonte de recursos que representa máis dunha quinta parte do total dos seus ingresos, diminución que, sen lugar a dúbidas, será maior no vindeiro ano.

A situación non pode seguir así por moito máis tempo. A crise económica e urbanística, unida ás dificultades extraordinarias para poder acceder ós créditos, sitúan ós Concellos galegos practicamente ó borde do abismo, e comprometen moi seriamente a continuación na prestación de servizos básicos ós nosos veciños.

Dende a administración local debemos evitar o colapso económico dos nosos Concellos, e non debemos, dende logo, aumentar os impostos municipais, o que non faría se non aumentar aínda mais as dificultades económicas dos nosos veciños.

Nembargantes, os pasos dados polo Goberno do Estado parecen indicar que a intención é exactamente a contraria: confirmando o adiantado polo Ministro de Hacienda D. Pedro Solbes, pois o avance dos Presupostos Xerais do Estado confirman que no ano 2009 os Concellos verán diminuída a súa participación nos Ingresos do Estado (case a cuarta parte dos ingresos totais dos municipios) en non menos dun 1,5 %, e que no caso dos Concellos galegos podería chegar a un 2%.

Pola súa banda, a realidade do Pacto Local asinado no ano 2006 amosa que o 90% dos compromisos económicos da Xunta cara os Concellos están sen executar.

As Corporacións Municipais reclaman a implicación do Goberno do Estado e do da Xunta para evitar a quebra dos Concellos.

Por todo isto, os Grupos do Partido Popular e Coalición Miñorana do Concello de Baiona presentan para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Esixir o compromiso do Sr. Presidente do Goberno de que aumentarán - con cifras reais- as transferencias económicas do Estado ós Concellos, rectificando en consecuencia, de xeito inmediato, as previsións establecidas no avance dos Presupostos Xerais del Estado.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Segundo: Reclamar ao Goberno do Estado o comezo inmediato das negociacións para reformar as facendas locais, vinculándoa, dacordo co compromiso adquirido polo Sr. Presidente do Goberno, D. José Luis Rodríguez Zapatero no seu Discurso de Investidura, á propia reforma do sistema xeral de financiación autonómica.

Terceiro: Se insta ao Goberno do Estado para que a futura Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e das Deputacións Provinciais ao obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

Cuarto: Esixir ao Goberno do Estado a creación urxente dun Consello Local de Política Financeira para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

Quinto: Solicitar aos Presidentes da FEMP e da FEGAMP a celebración dunhas Asambleas Extraordinarias que reivindiquen a reforma da financiación local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das facendas locais, de forma que os Entes Locais poidan garantir aos cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para acadar o peso político e institucional que corresponde aos Entes Locais como Administración máis cercana.

CONTINUA.- Solicitamos que no se diminúan los ingresos locales en los próximos Presupuestos Generales para el 2009 así como que se creen unas normas más claras y precisas que se adecuen a las necesidades reales de la financiación local, dotándonos de una mayor capacidad normativa y solucionar el déficit arrastrado por la prestación de servicios impropios, delimitando de una forma precisa las competencias propias de nuestros Concellos para evitar la situación actual de asunción de competencias impropias consiguiendo así un modelo más justo y adecuado para las Administraciones Locales, llegando al mejor acuerdo posible entre todos y para todos. En España existen actualmente 8.000 Municipios que denuncian la crisis económica pidiendo al Gobierno más dinero y que no sean abandonados en su camino de gestión diaria municipal.

Es urgente y prioritario que en este año 2008 se defina un nuevo marco de competencias y de financiación adecuada para los Municipios pues España se constituye de una forma muy importante desde los Municipios, por muy pequeños que éstos sean.

SR.LORES, PSOE.- Parécenos perfecto que o PP utilice todas suas plataformas para criticar ó Goberno, e a Zapatero, pero a realidade é que o 13 de setembro reuniuse en Zaragoza o Consello territorial da FEMP, que representa a todas as federacións, provincias, concellos, cabildos insulares, e aprobou por unanimidade unha resolución de todos os participantes relacionada coa adopción de medidas sobre a negociación da reforma do modelo de financiación local, alí houbo consenso de todos os partidos e de todos os representantes das distintas Comunidades Autónomas, Cabildos Insulares e das Provincias. A FEGAMP, fai pouco, nunha reunión e tamén por unanimidade, acordou asemesmo que na negociación do novo modelo de financiamento local deberían ser introducidos os criterios de número de entidades singulares, extensión do territorio, avellentamento da poboación, na distribución e percepción en ingresos do Estado para influir nos custes de presentación dos servizos municipais.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Pois non sei a que ven agora que o PP, dunha forma enlatada, ciclosclada, lancen unha serie de mocións que dalgunha forma se desenmarcan deste contexto. Polo tanto nós imos a votar directamente que non porque non ven a conto este tipo de historias; non vamos a entrar neste tipo de debate ás 3 da tarde.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creemos que é unha cuestión máis que levamos pelexando toda a vida por tratar de demostrar ante os Gobernos do Estado, tanto do Partido Socialista como do Partido Popular, de que Galiza ten unhas condicións diferentes. Non debe tratarse igual a todos os Concellos de España e a proba délo é que a media que se recibe por habitante en calquer Concello de Galiza son 176,54 euros mentres no Estado son 221,07. Se ten máis dunha maneira inxusta o financiamento dos Concellos do Estado, é insuficiente e inxusto, e so se ten en conta a poboación do 75% e o esforzo fiscal do 25, e non se ten en conta, por exemplo, que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional, extensión territorial e tamén o avellentamento da poboación. Con estes criterios actuais perxudícase máis ós Concellos pequenos en poboación que lóxicamente son, en Galiza, a maioría deles.

Creemos que o Goberno debere, consecuentemente, ter transferida a competencia nos ingresos do Estado; debere ser transferida no seu conxunto á Xunta de Galiza, para evitar estes desagrazos.

Teño aquí un montón de datos para darlles pero creo que non é a ocasión, en todo caso se aceptan a enmenda de incluílos pois sí entraremos no debate deles; senón lóxicamente nós vamos a votar en contra.

(Sendo as 14,55 horas, abandoa o salón o Sr. Gonzalez Marcote , PSOE).

SR.VILAR, CMÑ.- Levo xa moitos anos en política e teño que recoñecer que cada vez son máis municipalista que autonomista, creo que en Galicia xa temos unha autonomía e nadie discute nin nadie pón en entredito o galego nin ningún dos nosos valores como identidade nacional e histórica, consideramos que é algo que está superado; en cambio, sí aprecio que cada vez están recortando máis competencias ós Concellos, poño exemplos como son a lámina de mar, como é o tema do porto deportivo, como é o boicot ó Plan Xeral de ordenación urbana cando unha Corporación quer ordear o seu territorio e dende a Xunta se atopa con inconvintes como a Lei famosa dos 500 metros, ou con esas leis supramunicipais que pretenden sacar da chistera; por iso estou de acordo en todo o que sexa reivindicar máis autonomía municipal, e porque son consciente de que nadie coñece mellor un Concello que todos nós, os que estamos aquí, independentemente das nosas discrepancias; creo que cada vez se nos están recortando máis as competencias, incluso dende a propia autonomía, existe un centralismo en Santiago que llo estamos padecendo; xa non falo aquí de crítica política, governe quen governe. Todo o que sexa defender a autonomía municipal contará co apoio do noso grupo e como esta moción vai nesa liña nós vamos a votar a favor.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A enmenda xa foi formulada varias veces na FEGAMP e foi aprobada tamén, e defende que os criterios de reparto para os Concellos de menos de 75.000 habitantes, que polo tanto son os que teñen cesión de impostos do Estado, compute a superficie un 10% e no número de núcleos noutro 10%, ademáis da poboación co 65% e o



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

esfuerzo fiscal co 15%. Polo tanto reduce a poboación do 75 ó 65, e o esforzo fiscal do 25 o 15; en beneficio de criterios que incide no custo dos servizos e ao tempo recoñecen a realidade galega, a superficie territorial e o número de núcleos. Ademáis propónse tamén que se tome en consideración o envellecemento da poboación e se pondere este factor como elemento a ter en conta nos criterios de reparto, e que a súa vez se solicite a transferencia dos ingresos do Estado, que debe ser unha transferencia que estea no seu conxunto na Xunta de Galicia.

SR.ALCALDE.- Creo que ten suficiente calado como para ter que estudiála porque é un cambio o que nos comenta que pode afectar a Baiona nun sentido ou noutro, teremos que estudiálo para poder apoiálo nun próximo Pleno; é un tema importante de cambio e hai que analizálo. Propondría deixar sobre a Mesa esa enmenda, estudiála e traéla ó próximo Pleno.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Entón deixamos sobre a Mesa tamén a Moción e a aprobase no próximo Pleno. Esta enmenda está xa aprobada pola FEGAMP.

SR.ALCALDE.- Esta moción é completa e xa está analizada. A enmenda non digo que non sexa boa, simplemente digo que se nos dera uns días dende a Comisión Informativa ata hoxe poderíamos habéla estudiado.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Si eu na Informativa tivera estes datos xa a houbera entregado. Eu non creo que a Moción sexa tan urxente como para que poida repercutir en nada. ¿Qué prisa hai en aprobála?. Me parece que non se quer dar o brazo a torcer.

SR.ALCALDE.- Hai que ser serios, non podemos decir que sí á enmenda simplemente pola tua lectura, temos que analizála. Agora vamos a votar a nosa moción porque está estudiada. O próximo día, se hai que cambiála porque a outra mellor, non haberá ningún problema. No punto seguinte verá que se aproban cousas que trae o BNG, pero sobre esta enmenda non decimos que non senón que a deixamos sobre a mesa para poder estudiála.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da enmenda solicitada polo BNG, resultando: votos a favor, 2, BNG, fronte a 9 votos en contra ((8,PP, 1,CMÑ), producíndose 4 abstencións, PSOE; polo cal rexeitase a enmenda.

O Sr.Alcalde procede agora á votación da MOCION presentada, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), fronte a 6 votos en contra (4,PSOE, 2,BNG); polo cal fica aprobada.

E polo que o Pleno, por maioría, APROBA o seguinte acordo:

Primeiro: Esixir o compromiso do Sr. Presidente do Goberno de que aumentarán - con cifras reais- as transferencias económicas do Estado ós Concellos, rectificando en consecuencia, de xeito inmediato, as previsións establecidas no avance dos Presupuestos Generales del Estado.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Segundo: Reclamar ao Goberno do Estado o comezo inmediato das negociacións para reformar as facendas locais, vinculándoa, dacordo co compromiso adquirido polo Sr. Presidente do Goberno, D. José Luis Rodríguez Zapatero no seu Discurso de Investidura, á propia reforma do sistema xeral de financiación autonómica.

Terceiro: Se insta ao Goberno do Estado para que a futura Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e das Deputacións Provinciais ao obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

Cuarto: Esixir ao Goberno do Estado a creación urxente dun Consello Local de Política Financeira para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

Quinto: Solicitar aos Presidentes da FEMP e da FEGAMP a celebración dunhas Asambleas Extraordinarias que reivindiquen a reforma da financiación local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das facendas locais, de forma que os Entes Locais poidan garantir aos cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para acadar o peso político e institucional que corresponde aos Entes Locais como Administración máis cercana.

8.-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACION A AUTOESTRADA AG 57-SAIDA SABARIS.

O Sr. Alcalde explica que a devandita Moción inclúe unha incorporación feita polo equipo de goberno.

SR.FERNÁNDEZ, BNG.- Esta moción é unha proposta que fai o BNG á cal se lle engade o convenio establecido asinado pola Xunta de Galicia, a COPTOPV, no ano 2005, co Concello de Baiona.

Ven motivada a que agora mesmo se están realizando as obras do novo enlace en Sabarís, o enlace que vai a facer a circunvalación de Baiona, e pola miña condición como Presidente de afectados da Autoestrada Puxeiros-Val Miñor puxeme en contacto co Inxeniero Xefe que está executando as obras, Inxeniero de SACYR, empresa concesionaria, e me manifestou que non estaba previsto o asfaltado dos novos viais que se fan ó lado dos viais de enlace, é decir, o vial de enlace se vai facer cun proxecto, se vai a executar, vai ser funcional, pero pegado a eses viais hai uns viais de acceso a todas as parcelas para que non queden incomunicadas, evidentemente. Ata o día de hoxe, con todos os Gobernos que houbo na Xunta e con todas as solicitudes que se fixeron dende este Pleno, non foi posible que eses viais de acceso se asfaltaran, e resulta que non soamente sirven de acceso ás parcelas senón que tamén sirven de intercomunicación parroquial, é decir, hai moita xente que os lúns utiliza eses viais para ir sobre todo de Sabarís a Belesar e de Belesar a Sabarís.

Este inxeniero me dixo que no proxecto do novo enlace non existía partida ningunha para o asfaltado destes viais. Creemos que o Pleno debe de dirixirse á COPTOPV para que exista un Orzamento, xa dunha vez por todas, para: 1º.- Que se asfaltan os viais laterais de acceso ás parcelas e que comunican Sabarís con Belesar; 2º.- Que nesos viais se inclúa a creación de



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

cunetas; porque se facemos un vial e o asfaltamos pero non lle facemos cuneta de recollida de augas (sobre todo da que cae de encima da autoestrada, falo da subida), o vial por moito que se asfalte vai durar 15 días; esas cunetas existían en terra e cando se arreglou un pouco con zahorra en vésperas dunha das Festas da Arribada, que se facilitou ese vial para que fora máis transitible, esas cunetas se taparon, por operarios municipais; foron tapadas na reparación da baixada cando o fixo o Concello, por descoñecemento ou non sei porqué motivo, e obstruídas; polo tanto creemos que deben ser executadas en formigón como todas as cunetas para que non se destrúan nin tampouco o vial.

En segundo lugar creemos que a rotonda de plástico debe ter xa unha solución definitiva porque creo recordar que foi no 2004 cando se puxeron a disposición os terreos necesarios para súa execución; creo que xa se fixera o Convenio no 2004; había negociado eu co promotor do edificio redondo da esquina e non houbera problema ningún; se puxo a disposición e se trasladou esa documentación a Santiago.

E para rematar: que se faga operativa a pasarela; é moi sinxelo facer un enlace, e económico, ademais pedimos que se dispoña outra pasarela ata a subida de Outeiro, Morade, seguramente sería utilizada polos veciños de alí e evitarían cruzar constantemente o cruce que non deixa de ser perigoso ademais de que no momento en que exista a circunvalación vai a ter unha carga de tráfico moitísimo maior da que ten agora; por iso pensamos que sería máis operativa, e senón que a trasladen para a parte superior da baixada da Autopista, seguramente se utilizará máis do que se está utilizando agora.

Esta é a Moción en sí; o equipo de goberno nos pediu que incluíramos o Convenio e non temos motivo para non facélo aínda que o convenio sexa máis discutible. Aceptamos a proposta do equipo de goberno, como eu esperei que aceptara a nosa o Alcalde fai uns minutos, pero parece que ten medo de dar o brazo a torcer.

(Neste intre entra na Sala o Sr. Gonzalez Marcote , PSOE).

SR.RODAL, PP.- Como comentó el Sr.Fernández, en julio del 2005 la Consellería de Política Territorial y el Alcalde de Baiona firmaron un Convenio de colaboración para reordenación del acceso desde la AG-57 y mejora de la intersección en Sabarís, así como la pavimentación de las vías de servicio, pues entendemos que uno de los objetivos de dicha Consellería es la mejora de la red viaria para proporcionar a los usuarios de la misma una conducción cómoda y segura, de ahí la necesidad de llevar a cabo dichas obras en Sabarís, que es lo que todos deseamos para esa zona. De ahí que reiteremos nuestra posición apoyando esta Moción presentada hoy mismo por el BNG.

SR.LORES, PSOE.- Sorpréndenos esta Moción por varias razóns; fálase dunha autoestrada que no seu momento foi feita polo PP, como foi feita, cunhas condicións de peaxe que todos coñecemos, xa leva tempo feita e cunhas condicións moi claras; fíxose practicamente sen consensuar nin consultar cos veciños, e de feito os pagos das expropiacións fixéronse xa co goberno bipartito, ou sexa, que durante todo ese tempo a autoestrada o único que produxo foron moitísimos conflitos por esa forma de gobernar que tiñan os anteriores rexidores. Podemos dicir que foi privatizada toda esta infraestructura, que no ano 2003 vendeuse por 1.500 millóns de euros e hoxe estáse a vender por 5.000 millóns, polo tanto, ahí sí hai un



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

pelotazo importante; e que á empresa o PP nese momento lle permitíu todo este tipo de actuacións, e que o compromiso que a empresa adquire polo peaxe é xustamente adaptar e arranxar todos os accesos desta autopista. Polo tanto nós entendemos que sí se debe facer, pero é a empresa privada a que está recibindo os beneficios desta infraestrutura a que tiña que correr cos gastos; non ten sentido que a empresa privada reciba os beneficios e os custos teña que asumílos a Xunta de Galicia cos cartos de todos os galegos, polo tanto temos que decir que estamos de acordo en que se arranxe pero que posiblemente a quen hai que pedirlo é á empresa privada que é a concesionaria e no seu compromiso de peaxe ten a obriga de acondicionar e mellorar todos os accesos á autopista e todas as infraestructuras que a rodean; e é responsabilidade do PP, que fixo ese tipo de convenios e de actuacións.

No referente á rotonda de plástico, esa é unha vía municipal, que o Concello tiña que haber posto os terreos a disposición para arranxar esa autopista, e non está feito; tiña que ser antes do 5 de outubro do 2005 e iso non foi así, polo tanto a responsabilidade pasaría a ser nestes momentos do Concello de Baiona. Xa despois, o que fai o PP, introducindo o famoso convenio que é en última instancia previndo que as cousas non lle ian moi ben ó PP en plena campaña electoral fai cos 3 Alcaldes do Val Miñor, que eran do PP, con ese tipo de actuacións que por certo si se cumpre afectaría ós orzamentos de todos os Concellos. Por tanto, senón entendíamos que o BNG fixese esta Moción para que os custos destes accesos os pague a Xunta de Galicia e que os beneficios os reciba unha empresa privada, tampouco entendemos como pódese incluír nesta mesma Moción un engadido máis que é que todas estas melloras vaian a conta dos orzamentos municipais. O noso voto vai ser totalmente negativo, estamos totalmente en contra de que isto corra por gastos públicos.

Tamén decir en canto á famosa paralización do PXOU, que a autonomía municipal fai que si en 3 meses a Consellería non contesta, o Concello, si está seguro do que fai, pode tirar para adiante.

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, ahí usted se ha cubierto de gloria, además ha sido desacreditado por el Sr.Fernández cuando ha dicho que él puso a disposición los terrenos de la rotonda; y nosotros también los pusimos; pero sabemos como se llama el problema, sabemos que hay una señora que quiere acabar con el Concello de Baiona y que no paguen los propietarios de la autopista, no, aquí quien paga son los vecinos de Baiona, los de Santa Cristina, los de Belesar, esos son los que pagan realmente ese sectarismo que desde la Delegación de Política Territorial en Pontevedra se está haciendo con Baiona, pero se está afectando a los vecinos, desgraciadamente.

SR.VILAR, CMÑ.- Esta moción do BNG pide o que xa se pedíu en moitísimas ocasións, é algo no que estamos completamente de acordo e polo tanto vamos a apoiála. En canto á inclusión do convenio firmado, creemos que é unha cousa beneficiosa para Baiona e quero recordarlle ó señor portavoz do PSOE que eu estiven nunha reunión coa señora Delegada de Política Territorial, recién tomada ela posesión do seu cargo, na que nos plantexaba incluso unha solución viable e que ía ser asumida pola Consellería para toda esa zona de Sabarís, e incluso non falaba dunha rotonda, falaba dunha especia de boulevard interno e con todo moi planificado; o curioso é que xa pasou tempo, xa vai facer 4 anos, e non se da unha solución ó problema da rotonda, seguimos cunha rotonda de plástico, lamentable, é penoso; é como se houbera un boicot ata Baiona e creemos que iso non é positivo porque ó final os políticos municipais vamos a pasar e as obras son as que van a quedar ahí.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Entendo que é unha postura equivocada por parte do PSOE que controla nestes momentos a COPTOPV, creemos que dende o grupo municipal do PSOE se podería facer moito máis sobre todo esixir e reivindicar que se fagan as obras porque ó fin e ó cabo tamén eles terían parte do éxito, pero sobre todo deberían esixir e reivindicar en defensa dos intereses de Baiona, sí Teresa, sí, deberían reivindicar. Nós, dende o goberno, sí o vamos a facer, igual que o BNG, e creo que non é dudoso, esixir que se resolva este tema; e non botar as culpas ó PP porque parece que toda a culpa dos males de Galicia as tivo o Partido Popular, cando hai que recordar todas as inversións que fixo o PP por Baiona.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Estou de acordo co que dixo Lores en canto a que evidentemente si foi privatizada a autoestrada que a pague a empresa privada, iso non quere decir que nós sigamos dirixíndonos á Consellería e a Consellería que tome a determinación que ten que tomar; si é SACIR, agora mesmo, quen explota a concesión, que sexa SACIR. O que pasa é que deben ser planos distintos dos que estamos falando, é decir, SACIR realizará unha parte dese proxecto e quen vai levar a concesión administrativa seguramente está noutros hemisferios. Polo tanto, dirixirse á Consellería para que esixa, a quen corresponda, o que nós solicitamos na Moción.

O Sr.Alcalde procede agora á votación da MOCION presentada, coa inclusión sinalada polo grupo de goberno, resultando: votos a favor, 11 (2,BNG, 8,PP, 1,CMÑ), fronte a 5 votos en contra, PSOE; polo cal fica aprobada.

E polo que o Pleno, por maioría, APROBA o seguinte acordo:

DIRIXIRSE á CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL solicitando:

- 1. Creación de cunetas en ámbolos dous viais laterais de servizo na autoestrada AG – 57 saída de Sabaris – Baiona Sur.**
- 2. Asfaltado das vías de servizo da citada saída.**
- 3. Solución definitiva a Rotonda provisional neste enlace da Autoestrada AG – 57.**
- 4. Solución definitiva a pasarela instalada tamén neste enlace da Autoestrada.**

9.- APROBACION, SE PROCEDE, DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS 2/2008.

Os concelleiros dispoñen da seguinte Proposta da Alcaldía:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

De conformidad con el principio presupuestario de especialidad temporal: artículo 176 del Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, no pueden imputarse a los créditos del ejercicio corriente facturas de otro ejercicio presupuestario ya cerrado, sino es a través de la figura del reconocimiento extrajudicial, prevista en el art. 60.2 del R.D. 500/90.



EXCMO. CONCELO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Las facturas que se elevan al Pleno para su aprobación son las incluidas en la Relación nº 02-RE/08 por importe de 3.588,27 € correspondiente únicamente a tres facturas de JOSE COSTAS MINIÑO.

Es por esta razón que elevo al Pleno el siguiente ACUERDO:

-“APROBAR, COMPROMETER EL GASTO Y RECONOCER EXTRAJUDICIALMENTE LAS OBLIGACIONES que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 02-RE/08 a favor de los acreedores citados en la relación adjunta y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2008, y resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 11/08.”

O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto resultando aprobado por unanimidade.

E polo que o Pleno, por unanimidade, acorda:

- APROBAR, COMPROMETER EL GASTO Y RECONOCER EXTRAJUDICIALMENTE LAS OBLIGACIONES que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 02-RE/08 a favor de los acreedores citados en la relación adjunta y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2008, y resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 11/08.

10.- MOCIONS.

10.1.- MOCION DE URXENCIA DO PSOE.-DIA MUNDIAL DO TRABALLO.

Polo **SR.LORES, PSOE**, dase conta da seguinte:

MOCION:

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCION, sobre a XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE**, en base ás consideracións recollidas na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Declaración da Organización Internacional do Traballo (OIT), relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo, adoptada no 1998, obriga a respectar e promover entre todos os Estados membros da Organización a liberdade de asociación e liberdade sindical, o recoñecemento efectivo da negociación colectiva e o dereito de folga, a eliminación do traballo forzoso e infantil, así como a eliminación de toda discriminación en materia de emprego.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

A OIT introduciu no 1999 o concepto Traballo Decente como aquel que permite vivir dignamente, integrado por catro compoñentes -emprego, dereitos laborais, protección social e diálogo social-, sendo os catro necesarios para crear perspectivas de progreso social e desenvolvemento.

Doutra banda, os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), baseados na Declaración do Milenio de Nacións Unidas (2000), que deben ser cumpridos antes do ano 2015, establecen, entre outras cuestións, a erradicación da pobreza extrema e a fame, a extensión do ensino primario universal, a redución da mortalidade infantil ou a promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, e segundo diferentes órganos, axencias e programas de Nacións Unidas, a metade da forza laboral mundial gana menos de 1'3 € diarios, 12'3 millóns de persoas traballan en condicións de escravitude, 200 millóns de nenos menores de 15 anos traballan en lugar de ir á escola, e 2'2 millóns de persoas morren cada ano por mor de accidentes e doenzas laborais.

Ademáis, nos países desenvolvidos increméntase a precariedade laboral, e a Unión Europea encamiñase cara unha desregulación de normas sociais comunitarias.

Polo que,

O Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta Moción**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Mostrar o apoio á Xornada Mundial polo Traballo Decente, convocada para o 7 de outubro pola Confederación Sindical Internacional (CSI), da que forman parte as organizacións sindicais máis representativas de España.

Segundo.- Pedir ao Goberno de España que promova o respecto ás Normas Fundamentais do Traballo, o Traballo Decente e traballe activamente para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Terceiro.- Trasladar esta Moción aos interlocutores sociais, ao Ministerio de Traballo e Inmigración, á Oficina en España da Organización Internacional do Traballo e ás representacións en España na Comisión Europea e no Parlamento Europeo.

SR.LORES.- Esta moción xa foi presentada na Comisión Informativa e consensuada por todos los grupos da Corporación.

Sometida a Urxencia a votación, resulta aprobada por unanimidade.

Sométese agora polo Sr.Alcalde a votación a devandita MOCION, resultando aprobada por unanimidade.

E polo que, o Pleno, por unanimidade, acorda:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Primeiro.- Mostrar o apoio á Xornada Mundial polo Traballo Decente, convocada para o 7 de outubro pola pola Confederación Sindical Internacional (CSI), da que forman parte as organizacións sindicais máis representativas de España.

Segundo.- Pedir ao Goberno de España que promova o respecto ás Normas Fundamentais do Traballo, o Traballo Decente e traballe activamente para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Terceiro.- Trasladar esta Moción aos interlocutores sociais, ao Ministerio de Traballo e Inmigración, á Oficina en España da Organización Internacional do Traballo e ás representacións en España na Comisión Europea e no Parlamento Europeo.

10.2.- MOCION DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO.- ADHESION DO CONCELLO DE BAIONA AO GRUPO DE ACCION COSTEIRA (GAC) DA RIA DE VIGO.

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Marcote, PP, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDIA

De conformidade co *artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurísco das Entidades Locais* o carácter de urxencia de esta moción ten a súa xustificación en que a derradeira Mesa Institucional do futuro grupo GAC se celebrou o día 30 de setembro, e a constitución da Asamblea Constituinte da Asociación Grupo de Acción Costeira da Ría de Vigo e do Baixo Miño (denominada GAC Vigo-Baixo Miño) terá lugar o vindeiro día nove de outubro polo que antes do día 8 de outubro de 2008 ten que estar aprobada a adhesión do concello co fin de que sexa remitida a Comisión Técnica encargada dos trámites de constitución do GAC da Zona 7.

Esta Alcaldía-Presidencia propón:

Proposta de acordo plenario para a adhesión dos concellos ao futuro Grupo de acción costeira (GAC) da Ría de Vigo

Antecedentes

Primeiro.- A aprobación do Regulamento do Consello de la Unión Europea 1198/2006 do 27 de xullo relativo ao Fondo Europeo da Pesca e a normativa de aplicación e desenvolvemento do mesmo supuxo a regulación dun novo eixe (O eixe 4) dirixido aos desenvolvemento das zonas pesqueiras supoñendo un xiro nas actuacións levadas a cabo no anteriores fondos comunitarios (O anterior IFOP) que tiñan unha orientación claramente dirixida aos actores e aos medios que estes empregaban para o desenvolvemento da súa actividade profesional, xa fora mediante a dotación de infraestruturas portuarias, a modernización dos centros de traballo,mellora na comercialización etc.

Segundo.- A novidade que supón a introducción do Eixe 4 do FEP , establece de seu unha visión diferente do destino dos fondos e das persoas beneficiarias con esta aplicación; non se



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

trata dunhas accións distintas ou un resultado diferente das xa executadas senón dunha forma diferente de poñelas en práctica que implica de seu a participación de entidades ou grupos locais que representen interlocutores públicos e privados procedentes de distintos sectores socioeconómicos locais.

Son tamén distintas as consecuencias para as zonas costeiras e para as poboacións . Namentras as anteriores accións e o resto das medidas do actual FEP teñen claro enfoque mar-terra a medida do eixe 4 ten un enfoque terra-mar buscando a mellora socioeconómica das poboacións ou comunidades pesqueiras en que residen os profesionais do sector.

Esta participación activa dos diferentes axentes do sector pesqueiro, dos axentes sociais, dos axentes económicos e das administracións locais se plasmará na constitución dos denominados Grupos de Acción Costeira (GAC).

Terceiro.- Os GAC se configuran así en asociacións de carácter supramunicipal (formadas por entidades sen ánimo de lucro tanto públicas como privadas e nos que teñen especial relevancia aquelas relacionadas co mundo pesqueiro) constituídas para o desenvolvemento sostible das zonas costeiras a través da xestión de parte dos FEP (Fondos Europeos de Pesca 2007-2013).

Para isto, os GAC serán os encargados de seleccionar proxectos a levar a cabo na súa zona, participar en iniciativas zonais, rexionais, nacionais e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro na zona, canalizar e distribuír toda a información entre as entidades asociadas, prospeccionar e coñecer as dotacións, recursos e proxectos do seu territorio, sensibilizar as administracións, entidades públicas e privadas e institucións comunitarias europeas para optimizar o aproveitamento dos recursos da zona, posibilitar o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, promover a cooperación interrexional e transnacional, ademais daquelas outras que favorezan o desenvolvemento sostible do territorio.

Carto.- O ámbito de actuación territorial deseñado pola Consellería de Pesca na súa Orde de 17 de xullo de 2008 pola que se convoca o concurso de selección de grupos de acción costeira (-publicada no Diario Oficial de Galicia nº 144 do Luns 28 de xullo de 2008-) inclúe sete zonas de acción ao longo do litoral de Galicia, que serán as beneficiarias das axudas con cargo ao Eixe 4 do FEP. En cada zona deberá formarse un único GAC. A Zona 7 que está integrada polos seguintes concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal, A Guarda.

Quinto.- No proceso de formación do GAC correspondente a Zona 7, xa se realizaron dúas asambleas os pasados días 22 de xullo e 15 de setembro en Cangas, dúas reunións da Mesa Institucional os días 12 de xullo e 30 de setembro nas instalacións da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, así como outras Mesas de traballo entre as diferentes entidades integrantes do mesmo.

Tendo en conta o anteriormente exposto, elévase ao Pleno do Concello de Baiona a seguinte

PROPOSTA:



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

De conformidade co exposto, e en cumprimento do art. 22.2b da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réximen Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar o ingreso do Concello de Baiona no Grupo de Acción Costeira que se está a conformar na Zona 7, integrado por entidades sen ánimo de lucro, tanto públicas como privadas dos concellos de Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda, e cuxa Asamblea Constituínte terá lugar o vindeiro nove de outubro do presente ano.

SEGUNDO.-Comunicar o presente acordo á Comisión Técnica encargada dos trámites de constitución do GAC da Zona 7.

TERCEIRO.- Nomear os seguintes representantes de pleno dereito do Concello Baiona no GAC da Zona 7 :

- Representante.- Jesús Vázquez Almuíña – Alcalde-Presidente.
- Suplente .-Rosa Ana Marcote Guillen –Concelleira de Pesca.

Sometida a Urgencia a votación, resulta aprobada por unanimidade.

(Neste intre abandona o Salón de Plenos o Sr.Angel Rodal Almuíña, PP)

SR.LORES, PSOE.- Decir que estamos a favor, é unha iniciativa da Consellería de Pesca para destinar fondos europeos a paliar un pouco a situación en precario nestes momentos do sector da pesca e que ademáis está primando ás zonas máis desfavorecidas como é o norte de Galicia, polo tanto nós estamos totalmente a favor desta Moción.

O Sr.Alcalde procede á votación da presente Moción, resultando aprobada por unanimidade dos presentes.

E polo que o Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar o ingreso do Concello de Baiona no Grupo de Acción Costeira que se está a conformar na Zona 7, integrado por entidades sen ánimo de lucro, tanto públicas como privadas dos concellos de Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda, e cuxa Asamblea Constituínte terá lugar o vindeiro nove de outubro do presente ano.

SEGUNDO.-Comunicar o presente acordo á Comisión Técnica encargada dos trámites de constitución do GAC da Zona 7.

TERCEIRO.- Nomear os seguintes representantes de pleno dereito do Concello Baiona no GAC da Zona 7 :

- Representante.- Jesús Vázquez Almuíña – Alcalde-Presidente.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- Suplente .-Rosa Ana Marcote Guillen –Concelleira de Pesca.

10.3- MOCION DE URXENCIA DO BNG.- SOLICITUDE COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DÑA.MARIA JESUS MARTINS PASSOS.

SR.FERNANDEZ.- Presentamos con data de rexistro o 24.9.08 o seguinte escrito como Moción Urxente:

MOCION URXENTE

O GRUPO MUNICIPAL DO BNG, a través do seu portavoz D.XOSE ENRIQUE FERNANDEZ,

SOLICITA da Alcaldía que no próximo Pleno COMPAREZCA a concelleira de Deportes Dña.Maria Xesús Passos, co fin de dar conta do motivo polo que se decidiu privatizar a xestión das actividades deportivas no Pavillón Municipal.

SR.ALCALDE.- Entendo que isto entra dentro do punto de ROGOS e PREGUNTAS. Pode formular todas as preguntas que considere sobre o tema da xestión.

SR.FERNANDEZ.- A comparecencia non é ningunha pregunta. E para que nos explique os motivos; se vostedes aceptan a Urxencia e aproban a comparecencia pois se lle farán as preguntas que estimemos oportunas. Nós a presentamos como unha Moción de Urxencia.

SR.ALCALDE.- Non entra dentro da Orde do Día pero sí pode utilizar o punto de ROGOS E PREGUNTAS; non hai aquí formulación de Moción e por tanto terá que incluíla de PREGUNTAS. Non ten entidade de Moción de Urxencia, é un tema no que o Presidente pode decidir.

SR.FERNANDEZ.- Se vostede entende que non, vote en contra da Urxencia.

Sometida a Urxencia a votación polo Sr.Alcalde, resulta: 7 votos a favor (5,PSOE, 2,BNG), fronte a 8 en contra (7,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a Urxencia.

11.-ROGOS E PREGUNTAS.

SR.ALCALDE.- En contestación á seguinte pregunta do BNG no Pleno anterior: *¿Porqué motivo están paradas as obras do Centro de Día, Sr.Alcalde?*, direille que primeiro foi que a empresa alegou vacacións do verán en agosto, pero despois desgraciadamente apareceron problemas económicos serios por parte da empresa que non conseguía provedores debido á difícil situación e neste momento estamos nun período de rescisión de contrato de forma en principio amigable e voluntaria, e despois volver a contratar con outra empresa para que remate a obra. Vicepresidencia, o Consorcio, está ó día de todos os trámites e estamos en total sintonía.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ.- Descoñece polo tanto vostede o conflito que existe entre a empresa e a arquitecta directora da obra, ¿o descoñece?.

SR.ALCALDE.- Cando se nomea unha Dirección de obra por parte dun Concello é para que axuste o proxecto ao que se fai e sempre hai diferencias entre unha empresa e a dirección de obra que é o Concello. Lóxicamente o Concello defende o traballo da dirección de obra que é a parte pública e a empresa tamén lóxicamente defende os seus intereses; pero o problema non é ese, é un problema de que a empresa está nun momento difícil, que ten moita obra pública, en Pontevedra, en Ourense, e de feito coa propia Vicepresidencia ten varias obras pendentes, e debido a situación económica perdeu a confianza dos provedores e o problema é que non pode facer fronte á obra porque non recibe o material. Por iso estamos na situación de rescindir o contrato de forma voluntaria entre as partes, e finalizar a obra con outra empresa.

SR.FERNANDEZ.- A mín me consta que vostede ten boa fé en resolver o contrato e sair deste apuro; pero, en todo caso, eu quero recordarlle unha cuestión importante: a dirección de obra do Centro de Día é a mesma que a da galescola; a da galescola foi mudada por dúas veces de 2 empresas por conflitos coa arquitecta, e no Centro de Día as noticias que temos nós, e son boas fontes, llo podo asegurar, e non son fontes da Xunta porque o que lle fala sí que trasladou este tema á Vicepresidencia, o que lle vou a decir é que o conflito naceu polas discrepancias coa Arquitecta que incluso non se adapta a edificación realizada ó proxecto presentado. Incluso hai cousas que non se adaptan, non coinciden co proxecto, porque según ela ten defectos no seu plano constructivo e non se pode adaptar. Eu non son técnico de Arquitectura, pero a concelleira sí o é, e o que sigo eu sen entender é porque este afán de seguir defendendo algo indefendible, non o entendo; pero en todo caso haberá que ter en conta nun futuro en máis obras a quen se lle están dando a executar esas obras. Digo isto sen ningún ánimo de acritude nin de entrar en debate. O día que se presentou aquí aquel informe da galescola eu é que non entendía como o arquitecto estaba botando pedras encima do seu propio tellado, era incomprendible, e naquel momento a Concalleira de Urbanismo a defendeu como pudo pero a situación era indefendible; esa é a realidade.

SR.ALCALDE.- Recordo que este equipo de arquitectura ten dous proxectos en Baiona, a galescola e o Centro de Día, que están postos no libro que a Consellería de Cultura publicou como modelos a seguir en Galicia. Pero incluso por botarlle flores ó equipo da oposición, que naquel momento estaba no goberno, a contratación dese equipo foi feita polo equipo que está agora na oposición; e eu non creo que aínda que sexa Moneo, ou Cesar Portela, ou Manuel Gallego, ou Ana Simons, o mellor arquitecto do mundo, sexa capaz de fundir unha empresa por un Centro de Día; e eu sempre defenderé primeiro ós técnicos que defenden o Concello, non á empresa.

PREGUNTAS DO PSOE.

SR.LORES.-

1.- As beirarrúas da calle Elduayen, anunciara vostede en prensa que no mes de outubro ía escomenzar a bombo e platillo. Esta é a primeira pregunta.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Contestareille no próximo Pleno e espero que para entón a COPTOPV conteste sobre o proxecto, porque aínda que sexan soamente as beirarrúas a COPTOPV ten que dar o informe favorable.

2.- ¿Cándo se van a rematar as obras da subida de Sabarís a Belesar, coas beirarrúas?, está parada e a medio facer.

SR.ALCALDE.- Contestareille no próximo Pleno.

ROGOS DO PSOE.- SR.LORES:

1. Non é de agora, xa de vello, estáanse a producir unha serie de incidentes no Mercado de Sabarís entre os comerciantes e os veciños porque parece que non hai un horario estipulado de carga e descarga polo que as veces se producen incidentes polas furgonetas.

O **ROGO** é que se poidera estudar a posibilidade de facer un horario, que a determinadas horas da mañán se descargara e a última hora da tarde cargaran.

2. Tampouco é un problema de agora, ou sexa, non é do PP; xa é bastante normal o tránsito de cabalos tanto polo casco vello como por Sabarís, ou polo paseo, que non so é perigoso para os peóns senón que produce moita suciedade, que temos que soportar polos paseos e polas rúas. O **ROGO** é que se buscara algunha fórmula para regular este tipo de tránsito de animais.

PREGUNTAS DO BNG.- SR.FERNANDEZ:

1. A débeda de 884.000 euros dos anos 2006 e 2007 ¿a qué se debe e porque está a día de hoxe sen pagar?.

SR.ALCALDE.- Contestareille no próximo Pleno. Incluso podo contarlle dos anos 2003 e 2004 que están pagados porque o pagamos nós.

2. O día 1.10.08 houbo un acto na Cofradía, ¿porque non se concederon sillas por parte do Concello?.

SR.ALCALDE.- Ó Alcalde a petición chegoulle ás 2,30 da tarde e lóxicamente non houbo previsión; tampouco coñecía o Alcalde nin ningún membro do grupo de goberno que houbera un acto, non fomos invitados. A petición, se a houbo, nin se fixo por escrito nin se falou co Alcalde. De todas formas os patrocinadores do acto, que sí estaban invitados, poideron pór as sillas e a megafonía; o Concello de Baiona foi o único que non estivo invitado; se así fora, se houbera ofrecido a posibilidade de colaborar.

SR.VILAR, CMÑ.- Decir que cando a nós se nos ofrece que colaboremos con sillas, con megafonía, con todo o que está ó noso alcance, o escudo do Concello de Baiona ten que figurar nas invitacións como colaborador, iso por respecto institucional; e á vez, cando se fai un acto desas características, todos os componentes desta Corporación, sen excepcións, todos, teñen



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que recibir unha invitación para asistir a ese acto. Iso é o que esixe o Concello de Baiona e como podedes ver, queridos compañeiros, é algo lóxico por respecto institucional.

E por certo, me gustaría que o Sr.Fernández, que se erixe en portavoz, traslade esta petición.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas e coarenta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.